

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

- 16260** *Circular 8/2020, do 2 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establecen os valores unitarios de referencia de investimento e de operación e mantemento para o período regulatorio 2021-2026 e os requisitos mínimos para as auditorías sobre investimentos e custos en instalacións de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado.*

O Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exixencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, modificou a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; e a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

A través da dita modificación asígnase á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, entre outras, e segundo dispón o artigo 7.1.h) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, a función de establecer, para o sector do gas natural, mediante circular, a metodoloxía, os parámetros e a base de activos para a retribución das instalacións de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado, conforme as orientacións de política enerxética, e engadiuse que: «Entre outros, corresponderá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fixar, se é o caso, os valores unitarios de investimento, de operación e mantemento e a vida útil regulatoria dos activos con dereito a retribución a cargo do sistema de gas natural das empresas de distribución, transporte e plantas de gas natural licuado para cada período regulatorio». Doutra banda, o artigo 69 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, establece que os titulares de instalacións de transporte de gas natural e de plantas de gas natural licuado terán dereito, entre outros, ao recoñecemento dunha retribución polo exercicio das súas actividades dentro do sistema gasista nos termos establecidos no capítulo VII, do título IV, da devandita lei. Así mesmo, o artigo 7.1 bis da citada Lei 3/2013, do 4 de xuño, establece a función da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de aprobar, mediante resolución, as contías da retribución das actividades de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado.

A Circular 9/2019, do 12 de decembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establece a metodoloxía para determinar a retribución das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado, que será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2021. O artigo 20.4 da citada circular establece que «a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, logo de audiencia, mediante circular, os valores unitarios de referencia de investimento e de operación e mantemento (O&M) para cada período regulatorio, a forma en que deben aplicarse para determinar o valor de investimento ( $VI_{VU}^i$ ) e a retribución anual por O&M ( $COM_{VU}^i$ ) a valores unitarios dunha instalación «i»». Esta circular vén dar cumprimento ao citado artigo e, ademais, desenvolve o recollido na disposición adicional sétima da Circular 9/2019, do 12 de decembro, relativa á información necesaria para o cálculo da retribución, en relación co establecemento dos requisitos mínimos que deben cumprir as auditorías sobre os investimentos e custos de operación e mantemento en instalacións de gas realizadas.

A circular axústase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sobre principios de boa regulación.

A necesidade da circular vén determinada polo feito de que o seu desenvolvemento completa o marco retributivo segundo o disposto na Circular 9/2019, do 12 de decembro, e xunto a esta establece un marco normativo para o período 2021-2026 claro e certo, en consonancia co disposto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, para vertebrar a actuación e toma de decisións polos interesados.

A proporcionalidade da circular deriva do feito de conter a regulación imprescindible para poder determinar a retribución dos titulares polo desempeño das actividades de transporte e regasificación. Isto é, establece as fórmulas e os valores necesarios para determinar a retribución das empresas, e concreta tanto a descrición e caracterización das instalacións con retribución individualizada como o alcance de información que deben achegar as empresas para a inclusión desas instalacións no réxime retributivo.

Pola súa banda, a circular establece un marco normativo estable para o período 2021-2026, en consonancia co disposto na Lei 18/2014, do 15 de outubro. A circular é predicible porque está baseada nos principios que emanan da Lei 34/1998, do 7 de outubro; da Lei 18/2014, do 15 de outubro, e da Circular 9/2019, do 12 de decembro, e preserva os aspectos recollidos en metodoloxías anteriores, tomando en consideración as características do sector e segundo o coñecemento adquirido por esta comisión desde as últimas revisións de valores unitarios de referencia.

O principio de transparencia cúmprese ao definir claramente os obxectivos da circular e a súa xustificación. Durante a tramitación cúmplense todas as exixencias normativas en materia de participación e audiencia de interesados.

O principio de eficiencia respéctase porque a circular busca xerar as menores cargas administrativas para os administrados, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos necesarios, sen menoscabar o coñecemento que debe ter o regulador sobre a actividade regulada, así como as instalacións, ingresos e custos das empresas para o seu desenvolvemento.

Esta circular despraza as disposicións anteriores ao Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que regulaban a retribución das actividades de transporte e regasificación, e que deveñen agora inaplicables conforme o establecido no citado real decreto lei. Dado que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce esta competencia por primeira vez, a circular non inclúe unha disposición derogatoria. Este efecto prodúcese sen prexuízo de que, a través, se é o caso, de mecanismos de cooperación, se poida articular unha táboa de vixencias para facilitar o coñecemento das normas aplicables nestas materias, así como que se dea publicidade, a través das oportunas páxinas web, ao compendio de normas aplicables, estruturado por materias.

Por todo o anterior, e conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.h) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo de trámite de audiencia e de acordo coas orientacións de política enerxética establecidas na Orde TED/627/2020, do 3 de xullo, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do día 14 de outubro de 2020, acordou emitir, de acordo co Consello de Estado, a presente circular.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

A presente circular, que será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2021, ten por obxecto establecer:

a) Os valores unitarios de referencia, tanto de investimento como de operación e mantemento por elemento de inmovilizado das instalacións con retribución individualizada de transporte de gas natural e de plantas de gas natural licuado, en función das instalacións tipo cuxo deseño técnico e condicións operativas se adaptan aos estándares utilizados no sistema gasista.

b) Os métodos para determinar tanto o valor de investimento a valores unitarios de referencia das instalacións con retribución individualizada como a retribución por operación e mantemento anual a valores unitarios de referencia das instalacións.

c) Os requisitos mínimos que deben cumprir as auditorías sobre os custos de operación e mantemento non incluídos nos valores unitarios de referencia, e sobre os custos dos investimentos en instalacións para as cales se solicite a inclusión definitiva no réxime retributivo do sistema gasista.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

A circular será de aplicación ás seguintes instalacións con retribución individualizada segundo a Circular 9/2019, do 12 de decembro:

a) Ás instalacións que obteñan autorización administrativa previa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, para efectos do emprego dos valores unitarios de referencia de investimento e das auditorías de investimento.

b) Ás instalacións que obteñan ou dispoñan de acta de posta en servizo no período regulatorio, para efectos do emprego de aplicación dos valores unitarios de referencia de operación e mantemento e das auditorías sobre os custos de operación e mantemento non incluídos nos valores unitarios de referencia.

## Artigo 3. *Metodoloxía para a determinación de valores unitarios de referencia de investimento e de operación e mantemento.*

1. A metodoloxía de determinación dos valores unitarios de referencia de investimento e de operación e mantemento terá en conta o disposto na Circular 9/2019, do 12 de decembro, en particular, o seu artigo 20 sobre criterios para a determinación dos valores unitarios de referencia, e os artigos 3, 5, 6 e 7 sobre principios e criterios, instalacións, custos e ingresos considerados na metodoloxía retributiva e admisibilidade dos custos necesarios, así como no artigo 8 sobre produtos e servizos conexas.

2. Os custos e ingresos que se deben considerar deberán ser utilizados para o *cálculo* do valor de investimento recoñecido das instalacións, no caso de valores unitarios de investimento, ou ser declarados no Sistema de información regulatoria de custos, que desenvolve a Circular 1/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e no Sistema de información contable do sector enerxético, nos termos da Circular 5/2009, do 16 de xullo, da Comisión Nacional de Enerxía, no caso de valores de operación e mantemento, e iso sen prexuízo das auditorías que correspondan e das peticións de información ou aclaracións que se poidan requirir.

3. Teranse en conta os custos directos e indirectos que, respectando o disposto nos puntos anteriores, sexan necesarios para a construción, o adecuado mantemento e funcionamento das instalacións de transporte de gas natural e das plantas de gas natural licuado e a realización das funcións correspondentes, así como aqueles ingresos que poidan diminuír os custos anteriores.

4. O horizonte temporal, a segmentación da mostra e as ferramentas matemáticas e estatísticas que se deben utilizar serán aquelas que, a partir dunha mostra suficiente, permitan analizar en cada momento, coa maior seguridade posible, a evolución e os vectores explicativos dos custos das empresas reguladas e as melloras de eficiencia e produtividade conseguidas.

## CAPÍTULO II

**Valores unitarios de referencia para a actividade de transporte de gas natural**

*Sección primeira. Instalacións tipo de transporte de gas natural con valores unitarios de referencia para efectos retributivos*

**Artigo 4. Obra lineal dun gasoduto de transporte.**

1. Para efectos retributivos, defínese como obra lineal dun gasoduto de transporte a tubaxe principal, incluídos os seus elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de protección, seguridade, comunicación, control, así como calquera elemento ou sistema auxiliar necesario para o correcto funcionamento da instalación e a súa conexión con outras instalacións durante toda a vida útil do activo, e que non estivesen instaladas nas posicións.

Non se considera parte da obra lineal o resto das instalacións incluídas dentro do límite de propiedade/valado do terreo onde se sitúan as posicións de válvulas, estacións de compresión e/ou estacións de regulación e/ou medida, excluída a propia obra lineal.

Tampouco se considera obra lineal dun gasoduto de transporte calquera das acometidas ou liñas directas que puidesen estar conectadas ao gasoduto de transporte.

Unha obra lineal pode estar composta por un ou varios tramos de obra lineal.

2. A bifurcación dunha obra lineal, mediante picaxe ou montaxe dunha peza en forma de T, Y, ou calquera outra forma, considérase parte da obra lineal do gasoduto. O gasoduto resultante da bifurcación considerárase outra obra lineal.

3. Para efectos da súa identificación como instalación mediante o código único de activo regulado (CUAR), os tramos de obra lineal dun gasoduto están delimitados por aqueles puntos da traza do gasoduto onde se produce un cambio e/ou discontinuidade física (diámetro) ou administrativa (provincia ou autorización administrativa).

**Artigo 5. Posicións de válvulas dos gasodutos de transporte.**

1. Para efectos retributivos, defínese como posición de válvulas dun gasoduto de transporte o conxunto de válvulas, tubaxes auxiliares e elementos complementarios que permiten o seccionamento e/ou derivación do gas circulante por este.

2. Unha posición de válvulas está composta polo terreo xunto cos seus accesos onde se sitúa, a válvula inserida na obra lineal (válvula principal), outros conxuntos de válvulas, tubaxes, *by-pass* sobre a obra lineal (*by-pass* principal), *by-passes* secundarios, alivios e aqueles elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de protección, seguridade, comunicación, control, telemando, alimentación eléctrica, odorización, determinación de calidade do gas, así como calquera outro equipamento necesario para o correcto funcionamento da instalación e de conexión con outras instalacións propias, ou de terceiros.

3. Diferéncianse, pola súa funcionalidade e grao de equipamento, tres tipos de posicións:

a) Posición de válvula illada de seccionamento (tipo VAS): ten por finalidade o seccionamento/corte do fluxo de gas circulante pola obra lineal do gasoduto e carece de *by-pass* sobre a obra lineal para manobras dentro do seu equipamento.

Non se consideran válvulas illadas de seccionamento as válvulas instaladas dentro dunha posición de válvulas, dunha estación de compresión ou dunha estación de regulación e/ou medida.

b) Posición de seccionamento (tipo S): ten por finalidade seccionar/cortar o fluxo de gas pola obra lineal do gasoduto e dispón de *by-pass* sobre a obra lineal para manobras, e para permitir aliviar o gas natural dos tramos augas arriba e augas abaixo da válvula principal de corte.

c) Posición de derivación (tipo D): ten por finalidade, ademais das funcións da posición tipo S, permitir derivar parte do gas natural circulante pola obra lineal para alimentar unha (ou varias) saída(s) que se pode(n) conectar con estación(s) de compresión, con estación(s) de regulación e/ou medida ou con outros gasoduto(s), de tal forma que poidan ser aliviada(s), alimentada(s) e operada(s) con independencia, con seguridade e con continuidade, desde cada lado da válvula de liña da posición de derivación do gasoduto.

4. O caudal de gas máximo que pode derivar unha posición tipo D está determinado polo diámetro das insercións (picaxes) do *by-pass* principal, polo número de picaxes, pola velocidade máxima admisible do gas transportado e pola presión máxima autorizada do gasoduto.

En consecuencia, unha posición tipo D pode fornecer gas co seu *by-pass* principal a unha ou a varias saídas, sen que iso inflúa no caudal de gas máximo que se pode derivar na posición.

Por tanto, o incremento do caudal de gas máximo derivable nunha posición tipo D realízase mediante a inserción dun novo *by-pass* principal sobre a obra lineal do gasoduto. Un *by-pass* adicional sobre o *by-pass* principal da posición tipo D non aumenta o caudal máximo derivable da posición, polo que non se considera unha ampliación.

5. As posicións tipo S e tipo D poden estar equipadas con trampas de rascadores (TR).

#### Artigo 6. *Trampas de rascadores dos gasodutos de transporte.*

1. Para efectos retributivos, defínense como trampa de rascadores (TR) dun gasoduto de transporte as instalacións situadas nunha posición que permiten o lanzamento ou recepción de rascadores para realizaren operacións de mantemento, limpeza, inspección ou reparación do gasoduto, cara a ou desde outra trampa de rascadores, así como de recollida e extracción da sucidade, auga ou condensados, que puidese haber no gasoduto.

2. Unha trampa de rascadores está composta pola propia trampa, a válvula de acceso á trampa, a tubaxe de conexión á obra lineal, así como as válvulas e tubaxes auxiliares, drenaxes, alivios e elementos complementarios que permiten o lanzamento e a recepción dos rascadores ou *pigs*, a conexión coas instalacións das posicións ou estacións de regulación e/ou medida adxuntas, e todos aqueles elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de protección, seguridade, comunicación, control, telemando, alimentación eléctrica ou calquera outro equipamento necesario para o correcto funcionamento da instalación.

3. As trampas de rascadores estarán instaladas sobre os terreos dunha posición ou dun nodo da rede de transporte e beneficianse das súas infraestruturas.

O número máximo de trampas de rascadores que pode existir nunha posición ou nun nodo da rede de transporte determíno o número de obras lineais augas arriba e augas abaixo do límite de propiedade/valado do terreo onde se sitúa a posición ou nodo da rede de transporte.

#### Artigo 7. *Nodos da rede de transporte.*

1. Para efectos retributivos, defínense como nodo da rede de transporte (NRT) o lugar onde se sitúa a posición que, ou ben, é punto de entrada de gas ao sistema de transporte, ou ben, é punto de conexión cos almacenamentos subterráneos básicos e estacións de compresión, así como o lugar onde se sitúan varias posicións que conectan dous ou máis gasodutos.

2. Nun NRT o número máximo de posicións que pode haber virá determinado polo menor dos seguintes valores:

a) Número de obras lineais de transporte augas arriba e augas abaixo do límite de propiedade/valado do terreo onde se sitúa o nodo da rede de transporte.

b) Número de válvulas de seccionamento con e sen derivación sobre as obras lineais dentro dos límites de propiedade/valado do terreo onde se sitúa o NRT.

3. Para os efectos anteriores, cando existan varias válvulas de seccionamento sen derivación sobre unha mesma obra lineal dentro dos límites de propiedade/valado do terreo onde se sitúa o NRT, compútanse como unha única posición, que será de tipo VAS ou de tipo S. De existir na mesma obra lineal unha posición de tipo D e varias de tipo VAS ou S, todas elas compútanse como unha única posición tipo D.

Tampouco computarán como posicións nin as válvulas de seccionamento que illan a trampa de rascadores da obra lineal nin as válvulas de seccionamento que, dentro do límite de propiedade do terreo/valado do NRT, se insiran nos ductos de interconexión entre os gasodutos e estacións de compresión ou estacións de regulación e/ou medida situadas no NRT da rede de transporte.

4. Non obstante o anterior, considerarase unha posición de tipo VAS ou tipo S, segundo a configuración, o conxunto de válvulas que estean situadas dentro dun NRT na interconexión dunha estación de medida coa obra lineal de gasoduto que permite ben a entrada de gas ao sistema de transporte, ben a conexión cun almacenamento subterráneo *básico*, ben o fluxo reversible.

#### Artigo 8. *Estación de compresión.*

1. Para efectos retributivos, unha estación de compresión é o conxunto de elementos destinados a compensar a perda de carga, ou presión, do gas cando é vehiculado pola rede de transporte.

2. Unha estación de compresión está composta polo terreo, xunto cos seus accesos, os edificios necesarios, o conxunto de válvulas, tubaxes, *by-passes*, alivios, elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de filtraxe, compresión, refrixeración, protección, seguridade, comunicación, control, telemando, alimentación eléctrica, medición, determinación de calidade do gas, así como calquera outro equipamento necesario para o correcto funcionamento da instalación e a súa conexión con outras instalacións propias ou de terceiros, sen incluír nin as estacións de regulación e medida (ERM) que alimentan a estación de compresión, nin as posicións de válvulas do gasoduto, ou os gasodutos, de transporte a que se conecta.

#### Artigo 9. *Estacións de regulación e/ou medida.*

1. Para efectos retributivos, defínense como estacións de regulación e/ou medida o conxunto de elementos cuxa función é regular a presión ou o caudal do gas transferido ata o nivel adecuado ás características do novo gasoduto ou rede de distribución e/ou, se é o caso, medir o volume de gas que se transfere dun gasoduto a outro ou a redes de distribución. Distínguense as seguintes tipoloxías:

a) Estación de regulación e medida (ERM), é aquela instalación que regula a presión e mide o volume do gas transferido.

b) Estación de medida (EM): é aquela instalación que só mide o volume do gas transferido. Pódese diferenciar entre aquelas que realizan a medición por medio de ultrasóns, turbinas ou mediante outros medios.

c) Estación de regulación de presión (ERP): é aquela instalación que só regula e/ou controla a presión do gas transferido.

d) Estación de regulación de caudal (ERC): é aquela instalación que só regula e/ou controla o caudal do gas transferido.

2. Unha estación de regulación e/ou medida está composta polo seu edificio/armario/teito protección, o conxunto de válvulas, tubaxes, *by-passes*, alivios, elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de filtraxe, regulación, quentamento, medición, protección, seguridade, comunicación, control, telemando, alimentación eléctrica, así como calquera



outro equipamento necesario para o correcto funcionamento da instalación e a súa conexión con outras instalacións propias, ou de terceiros, durante toda a vida útil do activo.

Considéranse parte integrante dunha estación de regulación e/ou medida o *by-pass* de regulación de emerxencia e todas as tubaxes, válvulas e demais elementos que permiten a conexión e o illamento da estación de regulación e/ou medida coa(s) posición(s) que, augas arriba, lle entregue(n) gas e coas instalacións a que fornece gas augas abaixo.

3. As estacións de regulación e/ou medida incluírán necesariamente unha liña principal e outra de reserva, e terán prevista a posibilidade de incluír unha terceira liña de regulación e/ou medida para a operación normal. Para que unha estación de medida se catalogue de ultrasóns, ambas as liñas (principal e reserva) deberán realizar a medición por medio de ultrasóns.

4. O tamaño de contador que caracteriza unha estación de regulación e/ou medida será o límite superior do rango de tamaños de contador para a que está deseñada a estación de regulación e/ou medida sen que sexa necesario modificar o resto de compoñentes da estación.

5. O terreo onde se asentán as estacións de regulación e/ou medida forma parte da posición a que se conectan, salvo naqueles casos en que a estación de regulación e/ou medida se desenvolva ao abeiro da modificación realizada ao artigo 12 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo Real decreto 984/2015, do 30 de outubro, pois nos devanditos casos o terreo onde se asente formará parte da estación de regulación e/ou medida.

6. Considérase que unha estación de regulación e/ou medida é compacta cando se cumpren as seguintes condicións:

- a) Está fabricada en taller e instalada nun armario de intemperie e o acceso aos equipamentos se realiza desde o exterior mediante a apertura de portas.
- b) Inclúe, polo menos, unha liña de operación e outra de reserva.
- c) As liñas de regulación e/ou medida poden compartir o filtro e, se é o caso, o intercambiador de calor.

#### Artigo 10. *Centros de mantemento.*

1. Para efectos retributivos, defínese como centro de mantemento o conxunto de edificios e instalacións destinadas a daren servizo e velaren polo adecuado funcionamento e bo estado dos equipamentos e instalacións dos gasodutos, as estacións de compresión e as estacións de regulación e/ou medida a este.

2. Un centro de mantemento está composto polo terreo, xunto cos seus accesos, a edificación, os elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de protección, seguridade, comunicación, control e alimentación eléctrica, vehículos, repostos, así como calquera outro equipamento necesario para o adecuado funcionamento do propio centro, do persoal asignado a este e das instalacións ao seu cargo.

3. O valor de investimento do edificio e dos equipamentos dos centros de mantemento situados nas estacións de compresión ou nas plantas de regasificación consideraranse, para os efectos da inclusión no réxime retributivo e do cálculo da retribución, como investimentos realizados na estación de compresión ou na planta de regasificación que o conteña, respectivamente.

Se o centro de mantemento de transporte ten un uso compartido coa actividade de distribución, consideraranse para todos os efectos instalación de distribución.

4. Cada centro de mantemento no territorio peninsular deberá manter, polo menos, 200 km de gasoduto, as ERM/EM e as estacións de compresión conectadas a eles, sen que poidan existir gasodutos adscritos a máis dun centro. A distancia mínima entre dous centros de mantemento dunha mesma empresa transportista será de 150 km, medidos sobre o camiño máis curto entre ambos os centros.

Artigo 11. *Modalidades construtivas das instalacións de transporte.*

1. Para efectos retributivos considérase que as instalacións de transporte poden ter as seguintes modalidades construtivas:

- a) Instalacións de transporte de nova planta.
- b) Instalacións de transporte de construción posterior.
- c) Transformación dunha instalación de transporte.
- d) Ampliación dunha instalación de transporte.

2. Considéranse instalacións de transporte de nova planta as obras lineais de gasodutos, as estacións de compresión e calquera outra instalación de transporte incluída na planificación aprobada polo Goberno, así como todas aquelas instalacións cuxa construción se realiza de maneira conxunta coa obra lineal e/ou a estación de compresión a que se conectan.

Unha instalación realízase de maneira conxunta á obra lineal e/ou á estación de compresión:

a) Cando se recollen na mesma autorización administrativa o mesmo proxecto de execución aprobado e, se é o caso, en addendas posteriores solicitadas antes da data de posta en servizo da instalación principal, con independencia da data da acta de posta en marcha.

b) Ou cando, con independencia do anterior, se trata de posicións doutra obra lineal que estea pendente de construír.

c) Cando se trata de instalacións dunha nova obra lineal que conectan con outra obra lineal existente mediante unha bifurcación por picaxe ou montaxe dunha peza en T/Y ou calquera outra forma.

3. Considéranse instalacións de transporte de construción posterior á obra lineal e ás estacións de compresión aquelas instalacións cuxa solicitude de autorización administrativa se realiza de maneira independente e con posterioridade á data de posta en servizo das referidas instalacións, a condición de que non sexa algún dos casos previstos no punto anterior.

4. Considérase transformación dunha instalación de transporte o conxunto de instalacións e equipamentos que fan posible que un tipo de instalación (posición tipo VAS, posición tipo S, EM ou ERP/ERC) se converta noutro tipo de instalación (posición tipo D, EM-US ou ERM), ou os que permiten a substitución tecnolóxica, de combustión a eléctrico, dos equipamentos motores dos compresores nas estacións de compresión.

5. Considérase ampliación dunha instalación de transporte o conxunto de instalacións e equipamentos que fan posible que unha instalación existente aumente a súa capacidade.

6. As ampliacións e transformacións de instalacións serán, para efectos retributivos, instalacións independentes da instalación orixinal e independentes entre si, cando se realicen ao mesmo tempo as transformacións e as ampliacións.

Só se considerará que existe unha transformación ou unha ampliación dunha instalación se a solicitude de autorización administrativa efectuada polo transportista se formulou de maneira independente e con posterioridade á posta en servizo da instalación obxecto de transformación ou ampliación.

Non se consideran transformación nin ampliación dunha instalación aquelas actuacións que, con acta de posta en marcha posterior á instalación orixinal, estivesen incluídas con ela na autorización administrativa ou no proxecto de execución aprobado, ou nalgunha das súas addendas.

Tampouco se consideran transformación nin ampliación dunha instalación aquelas modificacións que se realicen na instalación para permitir novas conexións con outras instalacións e que non supoñan un aumento de capacidade da instalación orixinal.



*Sección segunda. Determinación do valor de investimento duna instalación de transporte de gas natural calculado segundo valores unitarios de referencia*

*Artigo 12. Valor de investimento dunha instalación de nova planta ou de construción posterior calculado segundo valores unitarios de referencia.*

1. O valor de investimento resultante da aplicación de valores unitarios de referencia de investimento vixentes cando a instalación «i» obtivo a autorización administrativa previa ( $VI_{VU}^i$ ) para instalacións de nova planta, previstas no artigo 11.2, ou de construción posterior, previstas no artigo 11.3, calcularase segundo as seguintes fórmulas:

a) Inversións en obra lineal dun gasoduto:

$$VI_{VU}^i = VUI_{OL} \times L \times D \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{OL}$  é o valor unitario de investimento da obra lineal de transporte primario.  
 $L$  é a lonxitude en metros do tubo reflectida na acta de posta en servizo.  
 $D$  é o diámetro en polgadas do tubo reflectido na acta de posta en servizo.  
 $CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Para a obra lineal de transporte primario, o valor será 1.

b) Inversións en posicións dun gasoduto:

$$VI_{VU}^i = VUI_{Pos} \times CCI_{VAS} \times CCI_{Post} \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{Pos}$  é o valor unitario de investimento da posición tipo S ou tipo D de transporte primario de nova planta.

$CCI_{VAS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para válvulas illadas de seccionamento que se aplica sobre o valor unitario de investimento da posición tipo S equivalente. Para posicións tipo S e tipo D, o valor será 1.

$CCI_{Post}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para posicións de construción posterior. En posicións de nova planta, o valor será 1.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Para as posicións de transporte primario, o valor será 1.

c) Inversións en trampas de rascadores dun gasoduto:

$$VI_{VU}^i = VUI_{TR} \times CCI_{Post} \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{TR}$  é o valor unitario de investimento da trampa de rascadores equivalente de transporte primario de nova planta.

$CCI_{Post}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para posicións de construción posterior. En posicións de nova planta, o valor será 1.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Para as posicións de transporte primario, o valor será 1.

d) Inversións en estacións de compresión:

$$VI_{VU}^i = VUI_{EC} + VUI_{POT} \times POT_{INS}$$

Onde:

$VUIF_{EC}$  é o valor unitario de investimento fixo por estación de compresión de nova planta.

$VUIV_{POT}$  é o valor unitario de investimento variable aplicable á potencia instalada na estación compresión.

$POT_{INS}$  é a potencia instalada en kW na estación de compresión incluída a dos equipamentos de reserva.

e) Inversións en estacións de regulación e/ou medida:

$$V_{VU}^i = VUI_{ERM} \times CCI_{Tipo} \times CCI_{CC} \times CCI_{Post} \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{ERM}$  é o valor unitario de investimento da estación de regulación e medida (ERM) equivalente de transporte primario de nova planta.

$CCI_{Tipo}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento por tipo de estación de regulación e/ou medida. Se se trata dunha ERM, o valor será 1.

$CCI_{CC}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para instalacións en armario ou compactas. Para calquera outro tipo de instalación, o valor será 1.

$CCI_{Post}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para estación de regulación e/ou medida de construción posterior. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de nova planta, o valor será 1.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Para as estacións de regulación e/ou medida de transporte primario, o valor será 1.

f) No caso de centros de mantemento, o valor unitario de investimento determina o valor de investimento que se debe considerar  $V_{VU}^f$ .

Artigo 13. *Valor de investimento dunha transformación e/ou ampliación dunha instalación calculado segundo valores unitarios de referencia.*

1. O valor de investimento resultante da aplicación de valores unitarios de referencia de investimento vixentes cando a instalación «i» obtivo a autorización administrativa previa ( $V_{VU}^f$ ) para ampliacións ou transformacións de instalacións existentes, previstas no artigo 11, calcularase segundo as seguintes fórmulas.

a) Transformación de válvula illada de seccionamento (VAS) a posición de derivación (tipo D):

$$V_{VU}^f = [(VUI_{Pos D} \times CCI_{Post}) - (VUI_{Pos S} \times CCI_{VAS})] \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{Pos D}$  é o valor unitario de investimento da posición tipo D equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa da transformación.

$CCI_{Post}$  é o coeficiente corrector para posicións de construción posterior.

$VUI_{Pos S}$  é o valor unitario de investimento da posición tipo S equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa de transformación.

$CCI_{VAS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para *válvulas* illadas de seccionamento.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Para instalacións de transporte primario, o valor será 1.

b) Transformación de posición de seccionamento (tipo S) a posición de derivación (tipo D):

$$V_{VU}^f = ((VUI_{Pos D} \times CCI_{Post}) - VUI_{Pos S}) \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{Pos D}$  é o valor unitario de investimento da posición tipo D equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa da transformación.

$CCI_{Post}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para posicións de construción posterior.

$VUI_{Pos S}$  é o valor unitario de investimento da posición tipo S equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa da transformación.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Para instalacións de transporte primario, o valor será 1.

c) Ampliación dunha posición tipo D cun novo *by-pass* principal:

$$V_{VU}^f = VUI_{Pos D} \times CCI_{ND} \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{Pos D}$  é o valor unitario de investimento da posición tipo D equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa da ampliación.

$CCI_{ND}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para ampliación de posición tipo D mediante inserción dun novo *by-pass* principal.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de transporte primario, o valor será 1.

d) Transformacións/ampliacións de estacións de regulación e/ou medida mediante substitución de equipamentos:

$$V_{VU}^f = (VUI_{ERM FINAL} \times CCI_{Tipo final} \times CCI_{Post} \times CCI_{CCFINAL} - VUI_{ERM INICIAL} \times CCI_{Tipo inicial} \times CCI_{CCINICIAL}) \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{ERMFINAL/INICIAL}$  é el valor unitario de investimento da ERM final/inicial equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa da transformación/ampliación.

$CCI_{Tipo final/inicial}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento por tipo de estación de regulación e/ou medida final/inicial. Se se trata dunha ERM, o valor será 1.

$CCI_{CCFINAL/INICIAL}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para instalacións en armario ou compactas da estación de regulación e/ou medida final/inicial; para calquera outro tipo de instalación o valor será 1.

$CCI_{Post}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para estación de regulación e/ou medida de construción posterior da estación de regulación e/ou medida final. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de nova planta, o valor será 1.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de transporte primario, o valor será 1.

e) Ampliación de estacións de regulación e/ou medida con liñas adicionais:

$$V_{VU}^f = VUI_{ERM} \times CCI_{Tipo} \times CCI_{CC} \times CCI_{LA} \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{ERM}$  é o valor unitario de investimento da ERM equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa da ampliación.

$CCI_{Tipo}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento por tipo de estación de regulación e/ou medida. Se se trata dunha ERM, o valor será 1.

$CCI_{CC}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para instalacións en armario ou compactas. Para calquera outro tipo de instalación, o valor será 1.

$CCI_{LA}$  o coeficiente corrector do valor unitario de investimento por liña adicional para estación de regulación e/ou medida.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de transporte primario, o valor será 1.

f) Transformacións/ampliacións dunha liña adicional dunha estacións de regulación e/ou medida mediante substitución de equipamentos:

$$V_{VU}^f = (VUI_{ERM\ FINAL} \times CCI_{Tipo\ final} \times CCI_{CC\ FINAL} \times CCI_{post} \times CCI_{LA} - VUI_{ERM\ INICIAL} \times CCI_{Tipo\ inicial} \times CCI_{CC\ INICIAL} \times CCI_{LA}) \times CCI_{TS}$$

Onde:

$VUI_{ERM\ FINAL/INICIAL}$  é o valor unitario de investimento, segundo aplique, da ERM equivalente de transporte primario de nova planta no momento que se obtivo a autorización administrativa previa da ampliación.

$CCI_{Tipo\ final/inicial}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento por tipo de estación de regulación e/ou medida final/inicial. Se se trata dunha ERM, o valor será 1.

$CCI_{CC\ FINAL/INICIAL}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para instalacións en armario ou compactas. Para calquera outro tipo de instalación, o valor será 1.

$CCI_{post}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para estación de regulación e/ou medida de construción posterior da estación de regulación e/ou medida final. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de nova planta, o valor será 1.

$CCI_{LA}$  o coeficiente corrector do valor unitario de investimento por liña adicional para estación de regulación e/ou medida.

$CCI_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento para elementos de transporte secundario. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de transporte primario, o valor será 1.

g) Transformación/ampliación de estacións de compresión:

$$V_{VU}^f = CCI_{AEC} \times VUIF_{EC} + VUIV_{POT} \times POT_{INS}$$

Onde:

$VUIF_{EC}$  é o valor unitario de investimento fixo por estación de compresión de nova planta no momento en que se obtivo a autorización administrativa previa da transformación ou ampliación.

$VUIV_{POT}$  é o valor unitario de investimento variable aplicable á potencia instalada na estación de compresión no momento en que se obtivo a autorización administrativa previa da transformación ou ampliación.

$POT_{INS}$  é a potencia instalada na transformación ou o incremento de potencia instalada na ampliación, en kW, da estación de compresión.

$CCI_{AEC}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de investimento por tipo actuación na estación de compresión. Terá un valor de 1/3 para a substitución tecnolóxica, de combustión a eléctrico, dos equipamentos motores das estacións de compresión e valor 0 para o resto de casos.

Artigo 14. *Valores unitarios de referencia de investimento e coeficientes correctores para o período regulatorio 2021-2026.*

Os valores unitarios de referencia de investimento e coeficientes correctores necesarios para determinar o valor de investimento  $V_{VU}^I$  das instalacións de transporte cuxa autorización administrativa previa sexa obtida no período regulatorio son os recollidos no anexo I.A) desta circular.

*Sección terceira. Determinación da retribución por operación e mantemento dunha instalación de transporte de gas natural calculada segundo valores unitarios de referencia*

Artigo 15. *Retribución anual por operación e mantemento por aplicación de valores unitarios de referencia.*

1. A retribución anual por operación e mantemento de transporte por aplicación de valores unitarios de referencia da actividade retribúe os custos recorrentes no tempo, activados ou non, asociados:

a) Ás actuacións e aos traballos relacionados coa operación e xestión da rede de transporte, coa odorización do gas, coa xestión do acceso de terceiros á rede (ATR), coa medición do gas, así como coa planificación, organización, dirección e control das actividades do persoal, e demais recursos da organización necesarios para o correcto funcionamento da empresa transportista relacionados con ela (custos de indirectos ou de estrutura), incluídos, entre outros, administración, xestión fiscal, estratexia, tesouraría, compras, asesoría xurídica, recursos humanos, sistemas de información ou servizo de seguridade e vixilancia;

b) ás actividades ou traballos de mantemento de conservación e dispoñibilidade, tanto na súa vertente preventiva como correctiva, que son necesarios para garantir que unha instalación ten unhas condicións adecuadas para o cumprimento das súas funcións; ou

c) ás actividades ou traballos de mantemento de actualización e mellora que sexan necesarios para reparar ou emendar a obsolescencia tecnolóxica e/ou para satisfacer ou cumprir novas exixencias que no momento da súa construción da instalación non existían, ou non foron consideradas, mediante unha modificación que non requira autorización administrativa nin aprobación de proxecto de execución, nin acta de posta en servizo, nos termos previstos no artigo 70 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro.

A retribución anual por operación e mantemento de transporte por aplicación de valores unitarios de referencia da actividade tamén retribúe aqueloutros conceptos de custos necesarios para o desempeño do transportista que non son activados pola empresa, salvo que a comisión determine, mediante resolución e logo de audiencia pública, que o devandito concepto de custo se debe considerar un custo de operación e mantemento non incluído directa ou indirectamente nos valores unitarios de referencia de operación e mantemento das instalacións de gas natural e, polo tanto, debe retribuírse a través do concepto retributivo, así como as condicións para o seu recoñecemento a partir dese momento.

2. A retribución para o ano natural «n» por operación e mantemento (O&M) dunha instalación «i» da actividade de transporte de gas natural que conforma a base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e» resultante da aplicación dos

valores unitarios de referencia de O&M vixentes ( $COM_{VU,n}^i$ ) determinarase segundo as seguintes fórmulas:

a) Para obras lineais dun gasoduto:

$$COM_{VU,n}^i = (VUOM1_{OL} \times L \times D + VUOM2_{OL} \times L) \times CCOM_{TS}$$

Onde:

$VUOM1_{OL}$  é o valor unitario de O&M por metro e polgada da obra lineal de transporte primario.

$VUOM2_{OL}$  é o valor unitario de O&M por metro da obra lineal de transporte primario.

$L$  é a lonxitude en metros do tubo reflectido na acta de posta en servizo.

$D$  é o diámetro en polgadas do tubo reflectida na acta de posta en servizo.

$CCOM_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de O&M para elementos de transporte secundario. Para a obra lineal de transporte primario, o valor será 1.

b) Para calquera tipo de posición, trampas de rascadores, transformacións e/ou ampliacións, terá igual a cero.

c) Para estacións de compresión:

$$COM_{VU,n}^i = VUOMF_{EC} + VUOMV_{POT} \times POT_{INS}$$

Onde:

$VUOMF_{EC}$  é o valor unitario de O&M fixo por estación de compresión.

$VUOMV_{POT}$  é o valor unitario de O&M variable por unidade de potencia instalada na estación compresión.

$POT_{INS}$  é a potencia instalada en kW na estación compresión incluída a dos equipamentos de reserva.

d) Para ampliacións de estacións de compresión:

$$COM_{VU,n}^i = VUOMV_{POT} \times POT_{INS}$$

Onde:

$VUOMV_{POT}$  é o valor unitario de O&M variable pola unidade de potencia instalada na estación de compresión.

$POT_{INS}$  é o incremento de potencia instalada en kW na estación de compresión.

e) Para estacións de regulación e/ou medida:

$$COM_{VU,n}^i = VUOM_{ERM} \times CCOM_{Tipo} \times CCOM_{CC} \times CCOM_{TS}$$

Onde:

$VUOM_{ERM}$  é o valor unitario de O&M da estación de regulación e medida (ERM) equivalente de transporte primario de nova planta.

$CCOM_{Tipo}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de O&M por tipo de estación de regulación e/ou medida. Se se trata dunha ERM, o valor será 1.

$CCOM_{CC}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de O&M para instalacións en armario ou compactas. Para calquera outro tipo de instalación, o valor será 1.

$CCOM_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de O&M para elementos de transporte secundario. Para as estacións de regulación e/ou medida de transporte primario, o valor será 1.



f) Para transformacións/ampliacións mediante substitución de equipamentos de estacións de regulación e/ou medida:

$$COM_{VU,n}^i = (VUOM_{ERM\ FINAL} \times CCOM_{Tipo\ final} \times CCOM_{CCFINAL} - VUOM_{ERM\ INICIAL} \times CCOM_{Tipo\ inicial} \times CCOM_{CCINICIAL}) \times CCO_{TS}$$

Onde:

$VUOM_{ERM\ FINAL/INICIAL}$  é o valor unitario de O&M da ERM final/inicial equivalente de transporte primario de nova planta.

$CCOM_{Tipo\ FINAL/INICIAL}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de O&M por tipo de estación de regulación e/ou medida final/inicial. Se se trata dunha ERM, o valor será 1.

$CCOM_{CCFINAL/INICIAL}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de O&M para instalacións en armario ou compactas. Para calquera outro tipo de instalación, o valor será 1.

$CCOM_{TS}$  é o coeficiente corrector do valor unitario de O&M para elementos de transporte secundario. Se se trata dunha estación de regulación e/ou medida de transporte primario, o valor será 1.

g) Para a ampliación de estacións de regulación e/ou medida con liñas adicionais e as súas transformacións ou ampliacións, será igual a cero.

h) Para os centros de mantemento, será igual a cero.

Artigo 16. *Valores unitarios de referencia de operación e mantemento para a actividade de transporte no período regulatorio 2021-2026.*

Os valores unitarios de referencia de operación mantemento (O&M) e os seus coeficientes correctores necesarios para determinar a retribución anual resultante da súa aplicación  $COM_{i:A,VU,n}^i$  para as instalacións de transporte con retribución individualizada no período regulatorio, son os recollidos no anexo I.B) desta circular.

### CAPÍTULO III

#### Valores unitarios para a actividade de regasificación

*Sección primeira. Instalacións tipo de regasificación con valores unitarios de referencia para efectos retributivos*

Artigo 17. *Instalacións dunha planta de gas natural licuado.*

1. Para efectos retributivos, unha planta de gas natural licuado está composta por un conxunto de instalacións que permiten a recepción e o almacenamento do gas natural licuado (GNL), a vaporización a gas natural, a compresión, a regulación, a medida, o seccionamento e/ou derivación dos efluentes circulantes polas ditas instalacións, así como todos aqueles equipamentos e servizos auxiliares necesarios para a operación, comunicación, protección, control e subministración eléctrica destas, así como os terreos, a obra civil, as edificacións, as vías, os elementos de iluminación, os sistemas de protección, os equipamentos informáticos, as instalacións de odorización e control de calidade de gas, os sistemas de control ambiental, as instalacións de conexión e calquera outro elemento auxiliar necesario para o adecuado funcionamento da planta, e que permite cumprir cos servizos regulados dispostos normativamente para estas plantas.

En función do seu grao de estandarización e para efectos retributivos, as instalacións catalóganse en instalacións estandarizadas e non estandarizadas.

2. Instalacións estandarizadas:

a) O vaporizador de GNL, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, a balsa de derramo de GNL e, segundo a súa tipoloxía, o vaporizador de combustión mergullada e/ou o vaporizador de auga de mar

xunto cos seus sistemas de quentamento de gas natural e alimentación/retorno de auga de mar (bombeo e tubaxes).

b) O tanque de GNL, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, a balsa de derramo de GNL, o tanque e as bombas primarias, excluídas as cimentacións necesarias para os devanditos tanques de GNL e a obra civil asociada a elas.

c) O sistema de bombas secundarias de GNL, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, a balsa de derrame de GNL e as bombas secundarias.

d) O cargadoiro de cisternas de GNL, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, a balsa de derramo de GNL, a(s) bomba(s) de GNL, o equipo do cargadoiro, a báscula de pesaxe e a obra civil do posto de carga (edificios, urbanización e *aparcadoiro*).

e) O relicuador de *boil-off*, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, a balsa de derramo de GNL e o relicuador.

f) El sistema de compresión de *boil-off*, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, o compresor *boil-off* para procesamento interno na planta, xunto aos seus equipamentos complementarios (o *KO drum* compresor, o atemperador de GNL, o depósito acumulador de drenaxes) e/ou o compresor destinado a aumentar a presión do gas de *boil-off* para a súa emisión directa á rede de transporte sen necesidade de utilizar a unidade de relicuación.

g) O sistema de facho/combustor da planta, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada e o facho ou combustor.

h) O sistema de medida, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, as liñas de medida individuais e as estacións de regulación e/ou medida.

### 3. Instalacións non estandarizadas:

a) Instalacións de obra civil terrestre da planta, nas cales se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a adquisición/concesión de terreos, os accesos, as infraestruturas terrestres, o edificio principal e os edificios auxiliares e instalacións destinadas a dar servizo e velar polo adecuado funcionamento, a seguridade e o bo estado dos equipamentos e instalacións da planta de gas natural licuado.

b) As cimentacións necesarias para os tanques de GNL e a obra civil asociada ás devanditas cimentacións.

c) Peiraos, nos cales se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a infraestructura marítima asociada a estes, a ponte *jetty*, as defensas, o sistema de atracada, os ganchos de escape, a monitorización de tensión de amarras, a escaleira de acceso a barcos (hidráulica) e outros equipamentos necesarios do peirao. Exclúense as instalacións de carga e descarga de GNL.

d) Instalación de carga/descarga de GNL en peiraos, na cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: os brazos de descarga, os brazos de retorno de vapores ao barco, as torres monitoras, o recipiente de drenaxe de brazos, o soprador de retorno de vapores, as balsas de derramo de GNL, as pasarelas de conexión a plataforma e o cromatógrafo.

e) Instalacións de interconexión (tubaxes) de gas natural licuado (GNL) da planta.

f) Instalacións interconexión (tubaxes) de gas natural (GN) da planta.

g) Sistemas de xestión e control da planta, nos cales se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: os elementos e sistemas, pasivos e/ou activos, de protección, seguridade, comunicación, control, así como calquera elemento ou sistema auxiliar necesario para o correcto funcionamento de planta de gas natural licuado, entre os cales destacan: a instrumentación xeral da planta, o sistema de control distribuído (SCD), o sistema de seguridade de procesos (SSD), o sistema de seguridade activa (SSA) e o sistema de xestión de seguridade patrimonial (SXSP).

h) Sistema de subministración eléctrica da planta, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: as acometidas eléctricas externas, os transformadores, as instalacións eléctricas (cablaxes, proteccións, etc.), o sistema de alimentación ininterrompible, o sistema de xestión eléctrica e o sistema de xeración autónoma.

i) Sistema de captación de auga de mar da planta, no cal se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: a obra civil asociada, as bombas de auga de mar, o caixón, o emisario (liñas de toma/devolución de auga de mar), os sistemas de filtraxe e cloración, e a piscina.

j) Servizos auxiliares da planta, en que se identifican, sen efecto limitativo, como elementos construtivos principais: as instalacións de odorización e control de calidade de gas, o sistema de aire comprimido, o sistema de nitróxeno, o sistema de auga, o sistema de detección e control de incendios (DCI).

k) Outras instalacións ou servizos necesarios para o servizo da planta.

#### Artigo 18. *Modalidades construtivas das instalacións dunha planta de gas natural licuado.*

1. Para efectos retributivos, considérase que as instalacións dunha planta de gas natural licuado poden ter as seguintes modalidades construtivas:

- a) Instalacións pertencentes a unha nova planta.
- b) Instalacións de construción posterior á planta.
- c) Transformación dunha instalación dunha planta.
- d) Ampliación dunha instalación dunha planta.

2. Considéranse instalacións pertencentes a unha nova planta de gas natural licuado aquelas que se constrúen de maneira conxunta por primeira vez no lugar onde se sitúa a planta. Entenderase que se construíron de maneira conxunta por primeira vez cando se atopen recollidas na mesma autorización administrativa previa, no mesmo proxecto de execución aprobado e, se é o caso, en addendas posteriores ás devanditas autorizacións que fosen solicitadas antes de data da posta en servizo da planta de gas natural licuado, con independencia da data da súa acta de posta en marcha.

3. Considéranse instalacións de construción posterior á planta de gas natural licuado aquelas que se constrúen no lugar onde se sitúa a planta con posterioridade á posta en servizo inicial desta. Entenderase que se construíron con posterioridade cando a solicitude de autorización administrativa do transportista se efectúa de maneira independente e con posterioridade á posta en servizo das instalacións da planta inicial.

Non se consideran instalacións de construción posterior aquelas instalacións con acta de posta en marcha posterior que estivesen incluídas na autorización administrativa previa ou no proxecto de execución aprobado das instalacións dunha nova planta de gas natural licuado, ou nalgunha das súas addendas.

4. Considérase ampliación dunha instalación dunha planta de gas natural licuado o conxunto de instalacións e equipamentos que fan posible que a planta de gas natural licuado aumente a súa capacidade de almacenamento de GNL, de regasificación, de carga de GNL en cisternas ou en buques, de descarga de GNL desde os buques e de atracada de buques, entendido, neste último caso, como o aumento do rango de tamaños ou tipos de buques que poden descargar ou cargar na planta de regasificación.

Tamén se considera ampliación dunha instalación dunha planta de gas natural licuado o conxunto de instalacións e equipamentos que fan posible que un equipo de regulación e medida do gas (liña de medida individual, EM ou ERP/ERC) do sistema de medida da planta amplíe a súa capacidade de medición, ou que os sistemas de compresión de *boil-off* para emisión directa á rede amplíe a súa capacidade de emisión.

5. Só se considera transformación dunha instalación dunha planta de gas natural licuado o conxunto de instalacións e equipamentos que fan posible que un equipo de regulación e medida do gas (liña de medida individual, EM ou ERP/ERC) do sistema de medida da planta se converta noutro tipo de instalación (EM, EM-US ou ERM), ou os que

permiten a substitución tecnolóxica, de combustión a eléctrico, dos equipamentos motores dos sistemas de compresión de *boil-off* para emisión directa á rede.

6. As ampliacións e transformacións serán, para efectos retributivos, instalacións independentes da instalación orixinal, e independentes entre si cando se realicen á vez transformacións e ampliacións.

Só se considerará que existe unha transformación e/ou unha ampliación dunha instalación se o transportista realizou a solicitude de autorización administrativa de maneira independente e con posterioridade á posta en servizo da instalación obxecto de transformación ou ampliación.

Non se consideran transformación nin ampliación dunha instalación aquelas actuacións que, con acta de posta en marcha posterior á instalación orixinal, estivesen incluídas con ela na autorización administrativa previa ou no proxecto de execución aprobado, ou nalguna das súas addendas.

Tampouco se consideran transformación nin ampliación dunha instalación aquelas modificacións que se realicen na instalación para permitir novas conexións con outras instalacións e que non supoñan un aumento de capacidade da instalación orixinal.

*Sección segunda. Determinación do valor de investimento dunha instalación da planta de gas natural licuado calculado segundo valores unitarios de referencia*

*Artigo 19. Valor de investimento dunha nova planta ou de instalacións de construción posterior calculado segundo valores unitarios de referencia.*

O valor de investimento resultante da aplicación de valores unitarios de referencia de investimento vixentes cando a instalación «i» obtivo a autorización administrativa previa () para instalacións dunha nova planta de gas natural licuado, ou instalacións de construción posterior, calcularase segundo as seguintes fórmulas:

- a) Para as instalacións estandarizadas, será o resultante de aplicar a seguinte fórmula:

$$V_{VU}^i = VUI_{IS} \times C_{IS}$$

Onde:

$VUI_{IS}$  é o valor unitario de investimento da unidade de investimento estandarizado.

$C_{IS}$  é a capacidade ou número de unidades de cada unidade de investimento estandarizado posta en servizo.

Para a capacidade dos tanques de GNL, considerarase o volume máximo de GNL que pode almacenarse no tanque que deberá estar recollido no certificado de explotación comercial e na acta de posta en servizo, co límite da capacidade nominal fixada na autorización administrativa da instalación.

Para a capacidade de vaporización, considerarase a capacidade de emisión do vaporizador determinada como o caudal volumétrico medio resultante dun período continuado de 100 horas de funcionamento, que deberá estar recollido no certificado de explotación comercial e na acta de posta en servizo. En ningún caso, a capacidade de vaporización conxunta dos vaporizadores, excluídos os de reserva, poderá ser superior á capacidade de emisión nominal da planta no seu conxunto establecida na autorización administrativa da planta de gas natural licuado.

Para o resto de unidades estandarizadas, a capacidade que se debe aplicar é o valor recollido na acta de posta en servizo, limitado polo máximo valor que fose autorizado na autorización administrativa correspondente.

- b) En particular, para os sistemas de compresión de *boil-off* para emisión directa á rede, considerarase o previsto nos artigos 8, 12, 13 e 14, para estacións de compresión equivalentes, e para os sistemas de medida, aplicarase o previsto nos artigos 9, 12, 13 e 14, para estacións de regulación e/ou medida equivalentes de transporte.

As liñas de regulación e/ou medida que se constrúan de forma individual consideraranse como unha liña adicional para efectos retributivos.

c) Para as instalacións non estandarizadas, o valor unitario de referencia correspondente ao conxunto de todas as actuacións implicadas ( $VUI_{INS}$ ) determinarase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$VUI_{INS} = VPAA - \sum_{i_s} VI_{VU}^{i_s}$$

Onde:

VPAA é o valor orzado recollido na autorización administrativa do proxecto de detalle das instalacións ou de execución destas.

$i_s$  son as instalacións estandarizadas postas en servizo recollidas no proxecto de detalle das instalacións ou de execución con autorización administrativa.

A resolución de inclusión no réxime retributivo establecerá a repartición do  $VUI_{INS}$  entre as diferentes instalacións non estandarizadas implicadas no proxecto.

**Artigo 20.** *Valor de investimento dunha transformación e/ou ampliación dunha instalación calculado segundo valores unitarios de referencia.*

1. O valor de investimento resultante da aplicación de valores unitarios de referencia de investimento vixentes cando a instalación «i» obtivo a autorización administrativa previa ( $VI_{i,AVU}$ ) para ampliacións ou transformacións de instalacións existentes calcularase de acordo coas seguintes fórmulas.

a) Para instalacións estandarizadas que fan posible que a planta de gas natural licuado aumente a súa capacidade:

$$V_{i,VU}^i = VUI_{IS} \times C_{IS}$$

Onde:

$VUI_{IS}$  é o valor unitario de investimento da unidade de investimento estandarizado.

$C_{IS}$  é a capacidade ou número de unidades, de acordo co previsto no artigo 17, de cada nova unidade de investimento estandarizado posta en servizo correspondente ao proxecto de ampliación, e/ou de incremento de capacidade das unidades estandarizadas existentes que son ampliadas.

b) En particular, para os sistemas de compresión de *boil-off* para emisión directa á rede e para os sistemas de medida, aplicarase o previsto nos artigos 8, 9, 11, 12, 13 e 14 para estacións de compresión e estacións de regulación e/ou medida equivalentes de transporte.

c) Para as instalacións non estandarizadas, o valor unitario de referencia correspondente ao conxunto de todas as actuacións implicadas () que fan posible que a planta de gas natural licuado aumente a súa capacidade, determinarase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Onde:

$$VUI_{INS} = VPAA - \sum_{i_s} VI_{VU}^{i_s}$$

VPAA é o valor orzado recollido na autorización administrativa do proxecto de detalle de ampliación de capacidade das instalacións ou de execución destas.

$i_s$  son as instalacións estandarizadas postas en servizo recollidas no proxecto de detalle de ampliación de capacidade das instalacións ou de execución destas.

A resolución de inclusión no réxime retributivo das instalacións da ampliación establecerá a repartición do  $VUI_{INS}$  entre as diferentes instalacións non estandarizadas implicadas no proxecto.

Artigo 21. *Valores unitarios de referencia de investimento para o período regulatorio 2021-2026 das instalacións estandarizadas.*

Os valores unitarios de referencia de investimento e os coeficientes correctores necesarios para determinar o valor de investimento das instalacións estandarizadas de plantas de gas natural licuado cuxa autorización administrativa previa sexa obtida no período regulatorio son os recollidos no anexo I.A) desta circular.

*Sección terceira. Determinación da retribución por operación e mantemento dunha instalación da planta de gas natural licuado calculado segundo valores unitarios de referencia*

Artigo 22. *Retribución anual por operación e mantemento por aplicación de valores unitarios de referencia.*

1. A retribución anual por operación e mantemento de plantas de gas natural licuado por aplicación de valores unitarios de referencia da actividade retribúe os custos recorrentes no tempo, activados ou non, asociados ás actuacións, actividades, traballos e custos referidos no artigo 14.1 relacionados coa planta.

2. A retribución para o ano natural «n» por operación e mantemento (O&M) dunha instalación «i» da actividade de regasificación que conforma a base de instalacións con retribución individualizada da empresa «e» na planta de gas natural licuado «p», resultante da aplicación dos valores unitarios de referencia de O&M vixentes ( $COM_{VU,n}^i$ ), determinarase segundo a seguinte fórmula:

a) Para as instalacións estandarizadas:

$$COM_{VU,n}^i = VUOMF_{IS} + VUOMV_{IS} \times C_{IS}$$

Onde:

$VUOMF_{IS}$  é o valor unitario de operación e mantemento fixo da instalación estandarizada.

$VUOMV_{IS}$  é o valor unitario de operación e mantemento da instalación estandarizada.

$C_{IS}$  é a capacidade ou número de unidades de cada instalación estandarizada en servizo de acordo co previsto no artigo 17.

b) En particular, para os sistemas de compresión de *boil-off* para emisión directa á rede e para as estacións de regulación e/ou medida dos sistemas de medida aplicarase o previsto nos artigos 7, 8, 10, 14 e 15, para estacións de compresión e estacións de regulación e/ou medida equivalentes de transporte.

c) Para os gastos de xestión da planta, para o conxunto das instalacións estandarizadas sen valor unitario definido e para as instalacións non estandarizadas da planta, establécese un valor anual fixo por planta.

Artigo 23. *Valores unitarios de referencia de operación e mantemento para a actividade de regasificación no período regulatorio 2021-2026.*

Os valores unitarios de referencia de operación e mantemento (O&M) e os seus coeficientes correctores necesarios para determinar a retribución anual resultante da súa aplicación  $COM_{VU,n}^A$  para as instalacións das plantas de gas natural licuado con retribución individualizada no período regulatorio son os recollidos no anexo I.B) desta circular.



## CAPÍTULO IV

### Auditorías de custos

*Sección primeira. Auditoría dos custos de operación e mantemento non incluídos nos valores unitarios de referencia*

*Artigo 24. Auditorías dos custos de operación e mantemento non incluídos nos valores unitarios de referencia.*

1. Antes do 1 de xullo de cada ano, as empresas enviarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia os seguintes informes de revisión independente, ou auditorías, correspondentes aos custos e investimentos retribuídos como custos de operación e mantemento en que incorreron no ano natural anterior:

a) Os gastos de explotación activados con detalle anual e individualizado para cada proxecto aprobado e terminado, e de acordo co establecido no artigo 13 da Circular 9/2019, do 12 de decembro, en relación coa información que deben enviar as empresas.

b) Custos de adquisición do gas de operación para o transporte de gas natural, excluído aquel consumo realizado en instalacións de coxeración eléctrica que vertan á rede e que sexa imputable á produción eléctrica exportada, con detalle mensual de enerxía e prezo.

c) Custos de adquisición de odorante, neto daqueles ingresos que poidan percibirse pola prestación do servizo de odorización a outros transportistas, distribuidores ou outros axentes.

d) Custo pola subministración eléctrica para plantas de gas natural licuado e para motores eléctricos de estacións de compresión, neto daqueles ingresos que poidan percibirse pola venda de electricidade, con detalle mensual de enerxía e prezo.

e) Os incrementos de custo en que se incorra a partir do 1 de xaneiro de 2021, por taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local na actividade de transporte debido á publicación posterior ao ano 2020 de novas ordenanzas fiscais do municipio que determinen un cambio de criterio de valoración, ou método de cálculo, das taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións. As auditorías incluírán na súa documentación as ordenanzas fiscais do municipio, publicadas con posterioridade a 2020, que determinen un cambio de criterio de valoración, ou método de cálculo, das taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións, con respecto ás anteriores ordenanzas fiscais do municipio.

f) Os incrementos de custos en que se incorreu pola actualización, a partir do 1 de xaneiro de 2021, das taxas de ocupación do dominio público portuario que resulten aplicables debido á publicación posterior ao ano 2020 dun cambio de criterio de valoración, ou método de cálculo, das taxas. As auditorías incluírán na súa documentación a disposición legal publicada pola autoridade portuaria con posterioridade a 2020, que determine un cambio de criterio de valoración, ou método de cálculo, das citadas taxas, con respecto ás anteriores.

g) Calquera outra auditoría que corresponda a custos de operación e mantemento non incluídos directa ou indirectamente nos valores unitarios de referencia de operación e mantemento das instalacións de gas natural.

2. Os informes de revisión independente, ou auditorías, indicarán os custos ou investimentos desagregando o seu valor por cada concepto e segundo as contas contables do balance de sumas e saldos do ano no cal se contabilizaron. As contas contables identificadas deben ter a súa correspondencia coas contas declaradas na información anual declarada a teor da Circular 1/2015, do 22 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de desenvolvemento da información regulatoria de custos relativa ás actividades reguladas de transporte, regasificación, almacenamento e xestión

técnica do sistema de gas natural, así como transporte e operación do sistema de electricidade.

3. O informe de revisión independente que debe emitir o auditor para os custos previstos na letra a) do punto primeiro deberá ser conforme cos requisitos mínimos que deben cumprir as auditorías de investimento.

Pola súa banda, para as letras b), c) e d) do punto primeiro, o informe de revisión independente que debe emitir o auditor sobre os contratos de compra/venda e as facturas que xustifican os custos previstos nas devanditas letras deberá ser conforme cos requisitos mínimos que deben cumprir as auditorías segundo o previsto na Circular 1/2015, do 22 de xullo.

Para as letras e) e f) do punto primeiro, o informe de revisión independente que debe emitir o auditor deberá ser de aseguramento razoable e deberá expresar unha conclusión, en termos de seguridade positiva, fundamentada na evidencia obtida durante o seu traballo, sobre a fiabilidade de que a información obxecto de verificación se corresponde cos pagamentos efectuados polas taxas e que non contén erros significativos.

Para a letra g) do punto primeiro, o informe de revisión independente que debe emitir o auditor deberá ser un informe que, en función da natureza do custo auditado e a súa similitude coa natureza dos custos das letras a), b), c), d), e) e f), cumpra cos requisitos mínimos sinalados para a auditoría do custo co que garde maior similitude.

4. Para poder efectuar o cálculo do incremento de custos anuais por taxas de ocupación do dominio público portuario na actividade de regasificación, e por taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local na actividade de transporte, os titulares das instalacións enviarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no prazo de dous meses desde a publicación desta circular:

a) Relación auditada e individualizada por concello dos pagamentos efectuados pola taxa municipal por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local correspondentes ao ano 2019, con indicación e detalle das instalacións de transporte de gas afectadas, xunto coas ordenanzas fiscais aplicadas por cada concello.

b) Relación auditada individualizada por planta de GNL dos pagamentos efectuados pola taxa de ocupación do dominio público portuario correspondentes ao ano 2019, xunto cos recibos de liquidación e as disposicións legais publicadas pola autoridade portuaria para establecer as citadas taxas.

### *Sección segunda. Auditoría de investimentos*

#### *Artigo 25. Auditoría de investimentos.*

1. O valor de investimento real activado, debidamente auditado, que debe presentar a empresa «e» titular dunha ou de varias instalacións, cando solicita a súa inclusión definitiva no réxime retributivo, deberá ser auditado nos termos e cos requisitos previstos nesta sección e no anexo II desta circular.

2. O informe de revisión independente, ou auditoría, sobre o valor do investimento deberá ser emitido por un auditor de contas ou por unha sociedade de auditoría de contas, definidos conforme o artigo 3 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, ou norma que o substitúa, nos termos do anexo II desta circular.

3. O informe de revisión independente que debe emitir o auditor, como resultado do seu traballo, deberá ser de aseguramento razoable, no cal deberá expresar unha conclusión, en termos de seguridade positiva, fundamentada na evidencia obtida durante o seu traballo, sobre a fiabilidade de que a información obxecto de verificación fose elaborada conforme os criterios establecidos e que non conteña erros significativos.

4. Resultan de aplicación aos traballos de auditoría previstos neste artigo as normas de actuación exixidas na presente circular e nos seus anexos, así como as normas e principios que a normativa sobre auditoría de contas impón aos auditores en materia de incompatibilidades, prohibicións, ética, dilixencia profesional, custodia e conservación dos papeis de traballo e segredo, en todo aquilo que resulte aplicable.

Artigo 26. *Informe de revisión independente, ou auditoría, sobre o valor do investimento que debe emitir o auditor.*

1. Ao finalizar o seu traballo de verificación, o informe que emita o auditor deberá ter o seguinte contido mínimo:

a) Título. Segundo proceda, «Informe de revisión independente, de aseguramento razoable, sobre o valor do investimento para a instalación XXXX, con CUAR YYYY, propiedade da empresa «e»» ou «Informe de revisión independente, de aseguramento razoable, sobre o valor do investimento para as instalacións do proxecto ZZZZ, propiedade da empresa «e»».

d) Destinatario. O informe irá dirixido aos administradores da empresa titular da instalación ou instalacións. No encabezamento do informe incluírase a seguinte frase «Aos administradores da empresa «e», para a súa remisión posterior á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia».

e) Data. A data do informe deberá corresponderse coa data na cal se completan os procedementos.

f) Alcance. Deberá identificarse con claridade: a información obxecto de verificación, a instalación ou instalacións (CUAR e descritivo de CUAR) a que corresponde a información e os criterios utilizados pola empresa «e» titular da instalación, ou instalacións, na súa elaboración. O alcance da encarga descríbese no punto 2 do anexo II desta circular.

g) Criterios aplicados na verificación. Deberase facer mención dos criterios que o auditor utilizou para medir o cumprimento da información preparada pola empresa «e» titular da instalación ou instalacións.

h) Responsabilidades das partes. Deberán identificarse as responsabilidades tanto da empresa «e» titular da instalación, ou instalacións, como do auditor, en concordancia co establecido neste capítulo e no anexo II desta circular.

i) Manifestación sobre a independencia do auditor e o cumprimento das normas sobre independencia previstas na normativa de auditoría de contas.

j) Resumo das probas realizadas. Deberá indicar as probas realizadas polo auditor que lle fosen de aplicación á empresa «e» titular da instalación, ou instalacións, así como outras probas adicionais, a criterio do auditor, que lle permitiran expresar a conclusión deste informe, en termos de seguridade positiva. Deberá achegar un resumo das devanditas probas no anexo B ao informe.

k) Mención de que a empresa «e» titular da instalación ou instalacións facilitou canta información foi solicitada polo auditor para realizar o seu traballo. No caso de que a empresa titular non achegase a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida (limitacións no alcance).

l) Limitacións de uso. O informe deberá indicar que foi preparado co exclusivo obxecto de facilitar a información solicitada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e que non pode utilizarse para outro fin. O seu uso estará restrinxido exclusivamente para a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como aqueles terceiros aos cales habilite no desenvolvemento das súas funcións.

m) Conclusión do auditor sobre a fiabilidade de que a información solicitada fose elaborada conforme os criterios establecidos e non conteña erros significativos, emitida en termos de seguridade positiva. Poderanse expresar os seguintes tipos de conclusións: conclusión non modificada ou favorable (sen excepcións), conclusión con excepcións, conclusión desfavorable (adversa) ou conclusión denegada (abstención). Deberanse enumerar e cuantificar as excepcións identificadas no informe e proporcionar determinada información adicional sobre estas no anexo C ao informe.

n) Indicación de que o traballo realizado non ten a natureza de auditoría de contas nin se atopa sometido á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, ou norma que o substitúa.

o) Identificación do auditor asinante. Nome e sinatura do auditor responsable do informe e o seu enderezo.

p) Se o auditor o considera necesario, poderá incluír no seu informe algún dos seguintes parágrafos:

i. Parágrafos de énfase, que permitan dirixir a atención dos usuarios do informe (Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia) respecto daquelas cuestións da información verificada que sexan especialmente significativas para a súa comprensión.

ii. Parágrafos doutras cuestións, para comunicar cuestións distintas das que se presentan ou revelan na información obxecto de revisión que, ao seu xuízo, sexan relevantes para que os usuarios do informe comprendan a encarga, as responsabilidades do auditor ou o informe de aseguramento. Incluírase no informe cun título adecuado que indique claramente que o auditor non expresa unha opinión modificada en relación coa cuestión.

2. O informe irá acompañado dos seguintes anexos cuxo contido mínimo debe ser conforme o anexo II desta circular:

Anexo A. Cadros resumo de custos e ingresos asociados ao desenvolvemento da instalación.

Anexo B. Resumo de resultados das probas de verificación. O traballo de auditoría deberá resumir as probas realizadas e os resultados obtidos.

Anexo C. Resumo de excepcións recollidas no informe. Deberase dar información resumida sobre as excepcións: tipo, parágrafo do informe en cal se recolle, cuantificación desta (cando fose posible), posibilidade de emenda e código identificativo da proba na que foi detectada.

Anexo D. Resumo das técnicas de comprobación e fontes de obtención de evidencia utilizadas. O traballo de auditoría deberá dar información resumida sobre as técnicas de comprobación empregadas, a fonte de procedencia da evidencia, a forma de concreción, os sistemas de información consultados, así como indicación de se a fonte de evidencia procede doutra auditoría ou doutro traballo de verificación.

Anexo E. Resumo do procedemento de adxudicación da encarga. Deberase dar información resumida sobre o procedemento de adxudicación da encarga: forma de contratación, datas de inicio e fin dos traballos, honorarios, recursos empregados, habilitación profesional do auditor asinante.

Así mesmo, o auditor poderá achegar ao informe cantos anexos complementarios considere oportunos para explicar o traballo realizado.

#### Artigo 27. *Revisión e valoración da información fornecida.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá encargar, se o considera necesario, a outro auditor ou a un consultor externo, contratado por ela mesma e ao seu cargo, a revisión e valoración da información fornecida.

2. O titular da instalación deberá prestar colaboración ao auditor ou consultor externo que sexa designado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para este labor.

#### Artigo 28. *Habilitación de modificación do alcance da auditoría.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá modificar mediante resolución, logo de trámite de audiencia, o contido das táboas/cadros resumo que deben incluírse no informe de revisión independente, ou auditoría, sobre o valor do investimento, o tipo de probas que se deben realizar para cada un dos conceptos de custo/ingreso, a poboación á cal se lle van tomar as mostrax e o tipo de mostraxe recollido no anexo II desta circular.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá acordar mediante resolución, logo de trámite de audiencia, a aplicación de guías de actuación profesional elaboradas polas corporacións representativas dos auditores de contas para o

desenvolvemento de aspectos específicos do traballo de revisión, así como modificar ou revisar os criterios contidos nas guías para estes efectos.

*Sección terceira. Confidencialidade*

*Artigo 29. Confidencialidade da información.*

1. A recepción, validación, almacenamento e xestión da información remitida polos suxeitos obrigados será realizada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. A información estará suxeita ás seguintes normas de confidencialidade, sen prexuízo do disposto para estes efectos na normativa vixente respecto diso:

a) Como norma xeral, toda a información recibida pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia terá carácter confidencial, salvo aqueles datos que figuren agregados.

b) O persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que teña coñecemento de información de carácter confidencial estará obrigado a gardar segredo respecto desta.

3. Cando, en cumprimento da presente circular, exista obrigaón de facilitar datos relativos a persoas físicas, tal obrigaón desenvolverase nos termos da normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

*Disposición adicional primeira. Primeiro período de aplicación.*

O primeiro período regulatorio de aplicación da presente circular transcorrerá entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2026.

*Disposición adicional segunda. Tecnoloxía de futuras instalacións.*

Co obxecto de poder considerar as diferentes posibilidades tecnolóxicas futuras das instalacións, así como incentivar o promotor para adoptar a solución tecnolóxica máis custo-eficiente no longo prazo, incluído o cumprimento de obxectivos ambientais, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá establecer, mediante circular, logo de trámite de audiencia:

1. Novas instalacións tipo cuxo deseño técnico e condicións operativas se adapten ás solucións tecnolóxicas que ofrezca o mercado.

2. Os valores unitarios de referencia, tanto de investimento como de operación e mantemento que puidesen aplicarlles ás ditas novas instalacións tipo.

3. Os métodos para determinar tanto o valor de investimento a valores unitarios de referencia como a retribución por operación e mantemento anual a valores unitarios das devanditas instalacións.

*Disposición adicional terceira. Avaliación do modelo retributivo.*

1. De conformidade cos artigos 129.4 e 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo unha avaliación dos valores unitarios de operación e mantemento establecidos nesta circular antes de finalizar un período regulatorio.

2. A dita avaliación valorará o cumprimento dos criterios e principios xerais establecidos no artigo 92 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e nos artigos 59 e 60 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, así como o grao de cumprimento das orientacións de política enerxética establecidas no punto segundo da Orde TEC/627/2020, do 3 de xullo.

3. O resultado da avaliación plasmarase nun informe, que se fará público e que virá precedido dun período de información pública. Poderá referirse á suficiencia dos valores para cubrir os custos do período ou á adecuación da metodoloxía retributiva dos custos de operación e mantemento para introducir posibles modificacións no seguinte período.

Disposición adicional cuarta. *Territorios insulares.*

De acordo co artigo 60.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará mediante resolución, logo de trámite de audiencia, a porcentaxe na cal, se é o caso e de acordo coa correspondente análise de custos, proceda incrementar os valores unitarios aplicables ás instalacións de transporte de gas natural e plantas de gas natural licuado en territorios insulares.

Disposición transitoria única. *Instalacións con autorización administrativa previa obtida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 cuxa posta en servizo é posterior á devandita data.*

Para efectos das auditorías de investimento, das instalacións tipo e do emprego dos valores unitarios de referencia de investimento, incluídas as fórmulas de determinación do valor de investimento por aplicación destes, esta circular tamén será de aplicación ás instalacións con retribución individualizada, segundo a Circular 9/2019, do 12 de decembro, que nunca estivesen operativas, cuxa autorización administrativa previa fose obtida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 e a súa posta en servizo sexa posterior á devandita data.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de decembro de 2020.—A presidenta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Cani Fernández Vicién.

## ANEXO I

### Valores unitarios de referencia

A) Valores unitarios de referencia de investimento para instalacións cuxa autorización administrativa previa sexa obtida no período 2021-2026

1) Para instalacións de gasodutos de transporte primario e secundario.

a) Obra lineal.

Obra lineal de transporte primario ( $VUI_{OL}$ ) €/metro·pulgada)	22,16
Coef. corrector gasodutos transporte 2º( $CCI_{TS}$ )	0,90

b) Posicións.

Diámetro obra lineal onde se sitúa	Posición de seccionamento, ou tipo S, de transporte primario de nova planta ( $VUI_{Pos S}$ ) €/posición	Posición de derivación, ou tipo D, de transporte primario de nova planta ( $VUI_{Pos D}$ ) €/posición
6	150.763,05	219.378,99
8	185.979,37	258.011,48



Diámetro obra lineal onde se sitúa	Posición de seccionamento, ou tipo S, de transporte primario de nova planta ( $VUI_{Pos S}$ ) €/posición	Posición de derivación, ou tipo D, de transporte primario de nova planta ( $VUI_{Pos D}$ ) €/posición
10	221.195,69	296.643,97
12	256.412,02	335.276,46
14	291.628,34	373.908,95
16	326.844,66	412.541,44
18	362.060,99	451.173,93
20	397.277,31	489.806,42
22	432.493,63	528.438,91
24	467.709,95	567.071,40
26	502.926,28	605.703,88
28	538.142,60	644.336,37
30	573.358,92	682.968,86
32	608.575,25	721.601,35
34	643.791,57	760.233,84
36	679.007,89	798.866,33
38	714.224,22	837.498,82
40	749.440,54	876.131,31
42	784.656,86	914.763,80
44	819.873,19	953.396,29
46	855.089,51	992.028,78
48	890.305,83	1.030.661,27
50	925.522,15	1.069.293,76
52	960.738,48	1.107.926,24

Coeficientes correctores posicións	
De válvulas illadas seccionamento-VAS ( $CCI_{VAS}$ )	0,43
De posicións de construción posterior ( $CCI_{Post}$ )	1,35
De posicións de transporte secundario ( $CCI_{TS}$ )	0,90
De ampliación Pos. tipo D con novo <i>by-pass</i> principal ( $CCI_{ND}$ )	0,72

c) Trampa de rascadores.

Diámetro da obra lineal onde se sitúa a posición que a equipa	Trampa de rascadores de transporte primario de nova planta ( $VUI_{TR}$ ) €/trampa
6	302.282,64
8	379.027,79

Diámetro da obra lineal onde se sitúa a posición que a equipa	Trampa de rascadores de transporte primario de nova planta ( $VUI_{TR}$ ) €/trampa
10	401.072,85
12	423.117,91
14	445.162,96
16	467.208,02
18	489.253,08
20	511.298,14
22	533.343,20
24	555.388,25
26	577.433,31
28	599.478,37
30	621.523,43
32	643.568,49
34	665.613,54
36	687.658,60
38	709.703,66
40	731.748,72
42	753.793,78
44	775.838,83
46	797.883,89
48	819.928,95
50	841.974,01
52	864.019,07

Coeficientes correctores trampas de rascadores	
De posicións de construción posterior ( $CCI_{Post}$ )	1,35
De posicións de transporte secundario ( $CCI_{TS}$ )	0,90

2) Estacións de compresión (E.C.) en gasodutos de transporte primario.

Por estación de compresión (E.C.) de nova planta ( $VUIF_{EC}$ )	14.997.763,28 €/E.C.
Por potencia instalada en turbocompresores na E.C. ( $VUIV_{POT}$ )	759,26 €/kW
Por potencia instalada en motores eléctricos en E.C. ( $VUIV_{POT}$ )	604,86 €/kW

## 3) Estacións de regulación e/ou medida de transporte primario.

Tipo G	Estación de regulación e medida de transporte primario de nova planta ( $VU_{ERM}$ ) €/ERM
65	261.560,00
100	264.818,00
160	270.494,00
250	279.226,00
400	294.357,00
650	468.919,88
1000	528.666,00
1600	644.457,14
2500	835.166,72
4000	1.052.096,44
6500	1.269.021,78

Coeficientes correctores de ERM/EMs de:	
Tipo estación de regulación e/ou medida ( $CCI_{TIPO}$ )	
EM	0,91
EM ultrasón (EM-US)	1,19
ERP/ERC	0,91
De instalación en armario ou compacta ( $CCI_{CC}$ )	0,69
De liña adicional ( $CCI_{LA}$ )	0,31
De construción posterior ( $CCI_{Post}$ )	1,03
De transporte secundario ( $CCI_{TS}$ )	0,70

## 4) Centros de mantemento.

Centros de mantemento	1.068.064,14 €/centro mantemento
-----------------------	----------------------------------

## 5) Instalacións estandarizadas dunha planta de gas natural licuado.

Instalación estandarizada	Valor unitario
Tanque almacenamento de GNL (€/m <sup>3</sup> de GNL):	458,08
Sistema de bombas secundarias (€/m <sup>3</sup> /h de GNL):	3.605,71
Vaporizadores de auga de mar (€/m <sup>3</sup> /h de GN):	42,94
Vaporizadores de combustión mergullada (€/m <sup>3</sup> /h de GN):	24,56
Sistema de medida gas emitido á rede de T&D.	Segundo VU de ERM equivalente de transporte

Instalación estandarizada	Valor unitario
Sistema facho/combustor (€/kg/h):	10,9
Sistema de compresión <i>boil-off</i> para procesamento interno planta (€/m <sup>3</sup> ).	396,29
Relicudador <i>boil-off</i> (€/ Kg/h):	1,36
EC do <i>boil-off</i> para emisión directa á rede de T&D.	Segundo VU de EC equivalente de transporte
Cargadoiros de GNL en cisternas (€/unidade):	1.785.184,61

B) Valores unitarios de referencia de operación e mantemento anual para o período 2021-2026

1) Para instalacións de gasodutos de transporte primario e secundario.

Obra lineal e posicións de transporte primario ( $VUOM1_{OL}$ ).	0,1318 €/metro·polgada)
Obra lineal e posicións de transporte primario ( $VUOM2_{OL}$ ).	2,9357 €/metro
Coef. corrector gasodutos transporte 2º( $CCOM_{TS}$ ).	1

2) Estacións de compresión (E.C) en gasodutos de transporte primario.

Por estación de compresión de nova planta ( $VUOMF_{EC}$ ).	120.771,80 €/E.C.
Por potencia instalada con turbocompresores ( $VUOMV_{POT}$ ).	48,4426 €/kW
Por potencia instalada en motores eléctricos ( $VUOMV_{POT}$ ).	32,7504 €/kW

3) Estacións de regulación e/ou medida.

Tipo G	Estación de regulación e medida ( $VUOM_{ERM}$ ) €/ERM
65	27.623,74
100	30.059,02
160	33.221,40
250	34.661,00
400	37.085,15
650	39.505,12
1000	47.265,32
1600	53.565,04
2500	60.598,83
4000	76.353,01
6500	92.111,36

Coeficientes correctores de ERM/EMs de:	
Tipo estación de regulación e/ou medida (CCOM <sub>TIPO</sub> ).	
EM.	0,75
EM ultrasón (EM-US).	0,75
ERP/ERC.	0,75
De instalación en armario ou compacta (CCOM <sub>CC</sub> ).	1
De transporte secundario (CCOM <sub>TS</sub> ).	0,53

4) Instalacións estandarizadas dunha planta de gas natural licuado.

Valores unitarios de custo O&M	(€/unidade)	(€/unidade capacidade)
Tanque de GNL.	1.800.444,31 €/tanque	14,790225 €/ m <sup>3</sup> GNL
Vaporización.	–	0,599265 €/(m <sup>3</sup> /h)
Cargadoiro de GNL en cisterna.	83.854,86 €/cargadoiro	–
EC do <i>boil-off</i> para emisión directa á rede de T&D.	Segundo VU de EC equivalente de transporte	
Sistema de medida gas emitido á rede de T&D.	Segundo VU de ERM/EM equivalente de transporte	
Gastos de xestión e resto de instalacións da planta de GNL.	1.366.895,21 €/planta	–

## ANEXO II

### Informe de revisión independente, ou auditoría, de investimento

As referencias contidas no presente anexo ao termo «auditor» deben entenderse referidas, de forma indistinta, tanto a un auditor designado de forma individual como a unha sociedade de auditoría de contas.

#### 1. Normas e principios que deben rexer a elaboración do informe de revisión independente ou auditoría

A responsabilidade do auditor circunscríbese a realizar o seu traballo conforme as normas de actuación exixidas no capítulo IV da circular e no presente anexo.

Os traballos asociados ao informe de revisión independente, ou auditoría, de investimento debe levalos a cabo unha persoa ou persoas que teña(n) a formación técnica e a capacidade profesional necesaria(s) de acordo coa natureza, dimensión e complexidade do tipo de investimento cuxa información se pretende auditar. En particular, deberán dispoñer dun adecuado coñecemento e experiencia contrastable en: (i) o campo da auditoría, (ii) o campo da contabilidade e (iii) os aspectos técnicos das instalacións cuxos investimentos se deben auditar.

Como consecuencia da aceptación por parte do auditor da carta de encarga ou contrato, enténdese que este asume e acepta as previsións contidas na presente circular e os seus anexos, e que se compromete á súa estrita observancia.

## 2. Carta de encarga do informe de revisión independente, ou auditoría, de investimento

A carta de encarga, ou contrato da encarga do informe de revisión independente, ou auditoría, sobre o valor do investimento deberá realizarse por escrito, estar asinada polo auditor e polo titular da instalación, e deberá conter, como mínimo, os seguintes puntos:

- a) Tipo de encarga: deberá especificarse que a encarga ten por obxecto a emisión dun informe de revisión independente, de aseguramento razoable, de conformidade co previsto no capítulo IV desta circular e neste anexo.
- b) Descrición detallada do obxecto de verificación sobre o que o auditor vai expresar unha conclusión.
- c) Duración da encarga.
- d) Alcance da verificación: deberá redactarse detalladamente o alcance dos traballos, con indicación das instalacións (CUAR e descritivo de CUAR) a que se refire.
- e) Responsabilidades da empresa «e» titular da instalación ou instalacións. Deberase facer constar que lle corresponde elaborar a información obxecto de verificación, emendar erros ou omisións antes da entrega da información ao auditor e, en xeral, de poñer á súa disposición cantos libros, rexistros e documentos lle sexan solicitados para efectuar a súa revisión.
- f) Responsabilidades do auditor. Deberase facer constar que lle corresponde realizar o seu traballo conforme os criterios establecidos na presente circular e este anexo e emitir un informe de aseguramento razoable de acordo co previsto en tal circular e anexo.
- g) Sometemento ao disposto no capítulo IV desta circular e neste anexo
- h) Planificación temporal para a revisión e prazos de entrega do informe.
- i) Honorarios que percibirá o auditor, con indicación das horas estimadas para a realización do traballo.
- j) Os usuarios do informe: Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) e a propia empresa «e» titular da instalación, ou instalacións, así como aqueles terceiros aos cales os devanditos usuarios habiliten no desenvolvemento das súas funcións.
- k) Autorización expresa, por parte da empresa «e» titular da instalación ou instalacións ao auditor para que este preste toda a colaboración posible á CNMC na entrega da información que esta última lle poida solicitar en relación coa encarga. En particular, a empresa «e» titular da instalación ou instalacións deberá autorizar o auditor para poñer á disposición da CNMC, entre outra información, toda a evidencia obtida polo traballo realizado, así como a responder por escrito as cuestións e aclaracións que a CNMC lle poida trasladar sobre el. O auditor deberá manifestar igualmente a súa plena disposición a colaborar coa CNMC e a facilitarlle a información que esta lle solicite nos termos sinalados neste punto.

## 3. Alcance da encarga

1. Para a realización dos traballos aplicaranse necesariamente os procedementos e probas de verificación establecidas nesta circular e nos seus anexos, sen prexuízo de poder realizar calquera outra proba adicional que se considere necesaria, atendendo ao xuízo profesional do auditor, para obter evidencia suficiente e adecuada que soporte a conclusión expresada nun informe de aseguramento razoable.

2. No caso de que o auditor considere oportuna a aplicación de probas adicionais, estas deberán ser descritas e xustificadas no seu informe, e seguir aplicando as mesmas probas nas sucesivas encargas da empresa «e» titular para instalacións similares ou equivalentes, e deberá xustificar eventualmente a súa falta de aplicación.

3. O alcance do seu traballo de verificación limitarase á seguinte información sobre a instalación, ou instalacións, cuxa inclusión definitiva no réxime retributivo se solicitou:

- a) Os datos de identificación (CUAR e descritivo de CUAR), a data da acta de posta en servizo e os datos técnicos de instalación ou instalacións.



b) A información económico-financeira de asignación dos custos e ingresos na instalación ou instalacións declarada conforme este anexo.

c) A declaración expresa de axudas ou achegas de fondos públicos concedidos ou medidas de efecto equivalente asociadas ao desenvolvemento da instalación ou instalacións.

d) A declaración expresa de instalacións cedidas e financiadas, total ou parcialmente, por terceiros asociadas ao desenvolvemento da instalación ou instalacións ou calquera outra cesión de dereito de uso sobre bens sen existencia de contraprestación asociada á instalación.

e) Importe dos custos e ingresos das operacións realizadas con partes vinculadas asociadas ao desenvolvemento da instalación ou instalacións, así como das marxes intragrupo incluídas nas devanditas operacións.

f) A estimación, na data en que se produza a incorporación da instalación no patrimonio da empresa, do valor actual das obrigacións asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas á instalación, tales como os custos de rehabilitación do lugar sobre o que se asenta, que formen parte do valor activado nos estados financeiros das empresas como compoñentes de custo da instalación, sempre que estas obrigacións dean lugar ao rexistro dunha provisión de acordo co disposto no Plan xeral de contabilidade.

g) A estimación, na data na cal se produza a incorporación da instalación no patrimonio da empresa, do importe dos desembolsos necesarios para realizar unha inspección xeral, revisión periódica ou gran reparación, identificados como un compoñente de custo da instalación e que, por iso, se rexistren contablemente xunto con ela no patrimonio da empresa na dita data.

h) O importe, na data en que se produza a incorporación da instalación no patrimonio da empresa, das pezas que se adquiran co obxectivo de manter un nivel de repostos de seguridade de elementos concretos de bens que se deban substituír, que formen parte da instalación cuxa inclusión definitiva no réxime retributivo se solicitou, que se rexistren contablemente xunto con ela no patrimonio da empresa na devandita data.

i) A estimación na data en que se produza a incorporación da instalación no patrimonio da empresa do valor ou importe de calquera outro compoñente de custo que estea relacionado coa operación e mantemento da instalación, que se rexistren contablemente xunto con ela no patrimonio da empresa na devandita data.

j) Calquera outra estimación cuxo valor se incluíu como compoñente de custo da instalación na data en que se produce a súa incorporación ao patrimonio da empresa: inclusión de provisións por responsabilidades derivadas dos beneficios de expropiación forzosa, de ocupación temporal de bens e dereitos ou de servidumes de paso, ou outro tipo de responsabilidades, a inclusión de pagamentos continxentes no prezo de adquisición, etc.

k) Se é o caso, a identificación (CUAR e descritivo de CUAR), a data da acta de peche e os datos técnicos e económico-financeiros das instalacións que causen baixas do inmovilizado e que estean asociadas ás instalacións cuxa inclusión definitiva no réxime retributivo se solicitou.

l) Anexos do informe de revisión independente, ou auditoría, de investimento, que se describen neste anexo.

#### 4. *Procedementos e probas de verificación que se deben realizar*

Na realización dos traballos deberase comprobar que os importes e os datos relativos ás transaccións e feitos se declararon adecuadamente polo valor recollido nos rexistros contables e técnicos da empresa, que estes sexan correctos e en conformidade con este anexo, e se é o caso, indicar se, como consecuencia do traballo de revisión efectuado polo auditor, procede realizar algunha modificación importante á dita información técnica, contable e financeira declarada.

Verificarase que os importes dos custos ou investimentos, desagregados polos conceptos de custo indicados pola empresa titular conforme este anexo, se corresponden

coa agregación de conceptos de custo, tipos de custo e contas contables do balance de sumas e saldos do ano nas cales estean cargados ou aboados e gardan coherencia coa información anual declarada pola Circular 1/2015, do 22 de xullo.

Así mesmo, tamén se deberá comprobar se as cantidades reflectidas son resultado dunha identificación unívoca das facturas do pedido correspondente (asignación directa), ou pola aplicación das políticas, criterios, procedementos e bases de cálculo da empresa titular da instalación (asignación indirecta por repartición); nese caso o traballo de auditoría deberá valorar a idoneidade destes. Idéntica comprobación deberá realizarse en relación cos gastos financeiros activados devindicados ata a posta en condicións de funcionamento da instalación que formen parte do seu valor contable.

Tamén se deberá verificar se existen investimentos correspondentes ás instalacións revisadas que non se atopen contabilizadas e asignadas á instalación correspondente, ou se a instalación revisada ten contabilizados e asignados investimentos correspondentes a outras instalacións.

Para iso, o traballo de auditoría deberá analizar e verificar a rastrexabilidade e coincidencia da información das epígrafes do punto 3 do número 3 deste anexo, sobre alcance da encarga, cos rexistros documentais, técnicos e contables da empresa titular da instalación e, en particular, a súa adecuación:

- i. Coa documentación legal: actas de posta en servizo, autorizacións administrativas de instalación, actas de inspección da Delegación de Industria, etc.
- ii. Coa documentación interna dispoñible en relación cos procesos de orzamentación e aprobación de investimentos para o desenvolvemento das instalacións, así como do procedemento de compras dos servizos, equipamentos e materiais necesarios para a instalación.
- iii. Coa documentación soporte que xustifica o valor do investimento asignado a cada instalación e, en particular, aquela que dá soporte aos denominados custos directos do investimento, aos denominados traballos realizados pola empresa para o inmovilizado (ou TREI), aos gastos financeiros activados devindicados ata a posta en condicións de funcionamento da instalación, e ás estimacións que, de acordo co Plan xeral de contabilidade, son activados nos estados financeiros das empresas como compoñentes de custo do activo na data en que se produce a súa incorporación ao patrimonio da empresa.
- iv. Coa documentación soporte xustificativa das axudas e achegas de fondos públicos recibidos (ou medidas de efecto equivalente) para financiar o investimento para o que se solicita a súa inclusión definitiva no réxime retributivo e, en particular, do cumprimento das condicións exixidas polas devanditas subvencións na data de emisión do informe.
- v. Coa documentación soporte xustificativa das instalacións cedidas e financiadas por terceiros asociadas ao desenvolvemento da instalación ou instalacións.

En todo caso, o traballo de auditoría deberá verificar a correcta formalización por parte da empresa titular da instalación, ou instalacións, das táboas de custos e ingresos asociados ao desenvolvemento da instalación recollidos no presente anexo, que deben incluírse no informe de revisión do valor do investimento, así como verificar a coherencia da información achegada nestas táboas entre si, e realizar as probas de verificación que se especifican neste anexo.

#### 5. Documentación xustificativa do traballo de auditoría

1. A documentación xustificativa do informe de auditoría conterá a seguinte información:
  - a) A documentación no que se fai referencia o capítulo IV desta circular e no presente anexo.
  - b) Os procedementos aplicados polo auditor.

c) Constancia da evidencia obtida polo auditor, con indicación do medio concreto utilizado, os aspectos analizados e canta información resulte necesaria para identificar o documento, rexistro ou, en xeral, a fonte de información do auditor.

2. A documentación xustificativa do traballo realizado estará á disposición da CNMC durante un período de cinco anos contado desde a data de emisión do informe.

6. Anexos do informe de revisión independente, ou auditoría, sobre o valor da investimento.

## ANEXO A

### Resumo de custos e ingresos asociados ao desenvolvemento da instalación

1. Como parte do traballo de auditoría, deberase verificar que a formalización por parte da empresa titular da instalación das seguintes táboas de custos e ingresos asociados ao desenvolvemento da instalación se realizou de acordo co establecido neste anexo II e, en particular, coas seguintes instrucións:

– O punto «Materiais e equipamentos» deberá ser desagregado para cada tipo de instalación atendendo ás listaxes específicas recollidas no anexo II de táboas da Circular 1/2015, do 22 de xullo, da CNMC, de desenvolvemento da información regulatoria de custos relativa ás actividades reguladas de transporte, regasificación, almacenamento e xestión técnica do sistema de gas natural, así como transporte e operación do sistema de electricidade.

– A desagregación de custos e ingresos por ano de desenvolvemento da instalación debe coincidir coas declaracións que se fan anualmente a teor da Circular 1/2015 (Sicore) para o CUAR. Para aquelas partidas dos cadros que, ou ben non foron localizadas en Sicore, ou ben están declaradas en Sicore de maneira agregada con outras partidas do cadro, o seu importe deberá coincidir coa información contabilizada polas empresas para o devandito CUAR, e minorarse da partida de Sicore en que estaban incluídas.

– Para os efectos destas táboas, considéranse parte vinculada as sociedades do grupo (nos termos do artigo 42 do Código de comercio), as sociedades asociadas ou con negocios conxuntos e os accionistas cunha participación superior ao 10% ou sociedades do seu grupo.

– As columnas «Importe total declarado» e «Total provisión contable de facturas pendentes de recibir/Outras provisións e estimacións» dos cadros «Cadro A.1.1 - Custos con desagregación por ano de desenvolvemento» e «Cadro A.1.2 - Custos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas» deben ser coincidentes.

– A columna «Total provisión contable de facturas pendentes de recibir/Outras provisións e estimacións» reflectirá os importes correspondentes á columna «Importe total declarado» que están provisionados/estimados no momento de emitir o informe de revisión independente.

– Para as subvencións de capital, os importes para reflectir no «Cadro A.1.3-Ingresos con desagregación por ano de desenvolvemento» e no «Cadro A.1.4-Ingresos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas» serán os rexistrados como dereitos de cobramento ou importes totais percibidos e deberán ser coherentes coas subvencións de capital declaradas nos bloques F9-SE1 e F9-SE4 de Sicore durante os exercicios de construción da instalación ata a data de emisión do informe de revisión independente.

– Para as instalacións cedidas ou financiadas por terceiros ou calquera outra cesión de dereito de uso sobre bens a título gratuito asociada á instalación, os importes que se reflectirán no «Cadro A.1.3-Ingresos con desagregación por ano de desenvolvemento» e no «Cadro A.1.4-Ingresos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas» serán os rexistrados contablemente como o valor razoable de investimento das instalacións cedidas ou financiadas por terceiros declaradas nos

bloques F9-SE2, F9-SE3 e F9-SE4 de Sicore durante os exercicios de construción da instalación ata a data de emisión do informe de revisión independente.

– As subvencións de capital que xustifican o importe imputado ao CUAR identificaranse nun documento separado, agrupándoas entre aquelas preconcedidas, ou concedidas, ata a posta en servizo da instalación, aquelas preconcedidas, ou concedidas, ata a data de emisión do informe de revisión independente e aquelas solicitadas pola empresa que están pendentes de resolución polos entes que as conceden. Para cada subvención indicarase quen concede a subvención, o importe subvencionado, así como as condicións principais e prazos para a súa percepción. Ademais, achegarase a documentación soporte xustificativa correspondente.

– Cando un ou varios custos imputados ao CUAR sexan consecuencia dunha repartición de custos entre diferentes CUAR, deberá comprobarse que a devandita repartición se realizou conforme as regras establecidas no punto 4.8 do anexo IV da Circular 1/2015 da CNMC e achegarase a documentación soporte xustificativa correspondente, así como a listaxe de CUAR (código e denominación) implicados xunto coas porcentaxes aplicadas a cada un deles na repartición.

– Cando unha ou varias subvencións imputadas ao CUAR sexan consecuencia dunha repartición de subvencións entre diferentes CUAR deberán comprobarse as regras da devandita repartición e achegarase a documentación soporte xustificativa correspondente, así como a listaxe de CUAR (código e denominación) implicados xunto coas porcentaxes aplicadas a cada un deles na repartición.

CADRO A.1. 1-Custos con desagregación por ano de desenvolvemento

CUAR: Descritivo de CUAR: Data de posta en servizo:	Ano 1			Ano n			Total			Total provisión contable de facturas pendentes de recibir/ outras provisiones e estimacións			
	Custos externos activados	Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado activados (TREI)	Outros custos internos activados	Custos externos activados	Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado activados (TREI)	Outros custos internos activados	Custos externos activados	Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado activados (TREI)	Outros custos internos activados		Importe total declarado		
En euros													
Xestión de proxecto, enxeñaría, supervisión e inspeccións													
Permisos, licenzas, taxas e seguros													
Terreos													
Edificios (inclúe a súa construción e materiais)													
Construción, obra civil, montaxe e posta en servizo (inclúe man de obra)													
Materiais e equipamentos													
Listaxe específica por tipo de instalación (ver detalle no anexo II das táboas da Circular 1/2015 da CNMCG)													
Outros custos necesarios (ambientais, etc.)													
Valor de pezas adquiridas, de acordo co PXC, co obxecto de manter un nivel de reposición de seguridade do CUAR. (1)													
Estimación inicial, de acordo co PXC, do importe dos desembolsos necesarios para realizar a inspección xeral do CUAR, porque se amortiza a diferente ritmo que o CUAR. (1)													
Estimación inicial, de acordo co PXC, do importe dos custos relacionados con grandes reparacións do CUAR, porque se amortiza a diferente ritmo que o CUAR. (1)													
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo de desmantelamento ou retiro do activo. (1)													
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo de rehabilitación do lugar onde se sitúa. (1)													
Estimación inicial, de acordo co PXC, de provisiones por responsabilidades derivadas dos beneficios de expropiación forzosa, de ocupación temporal de bens e dereitos ou de servidumes de paso, ou outro tipo de responsabilidades. (1)													
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo doutras obrigacións asociadas ao activo que dean lugar ao rexistro dunha provisión. (1)													
<b>Total gastos non financeiros</b>													
Gastos financeiros activados (financiamento específico)													
Gastos financeiros activados (financiamento xenérico)													
<b>Total gastos financeiros activados</b>													
<b>Total</b>													

(1) Valor que non forma parte do valor auditado que computa para efectos de cálculo do valor de investimento recoñecido

CADRO A.1. 2-Custos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas

CUAR:												
Descritivo de CUAR:												
Data de posta en servizo:												
En euros	Custos externos activados	Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado activados (TRE1)	Outros custos internos activados	Importe total declarado	Provisión contable de facturas pendientes de recibir / outras provisiones e estimacións			Total provisión contable de facturas pendientes de recibir / outras provisiones e estimacións				
					Operacións con partes vinculadas	Operacións con partes non-vinculadas	Outros custos internos activados					
Xestión de proxecto, enxeñaría, supervisión e inspeccións												
Permisos, licenzas, taxas e seguros												
Terreos												
Edificios (inclúe a súa construción e materiais)												
Construción, obra civil, montaxe e posta en servizo (inclúe man de obra)												
Materiais e equipamentos												
Listaxe específica por tipo de instalación (ver detalle no anexo II (laboas da Circular 1/2015 da CNMC)												
Outros custos necesarios (ambientais, etc.)												
Valor de pezas adquiridas, de acordo co PXC, co obxecto de manter un nivel de reposos de seguridade do CUAR. (1)												
Estimación inicial, de acordo co PXC, do importe dos desembolsos necesarios para realizar a inspección xeral do CUAR porque se amortiza a diferente ritmo que o CUAR. (1)												
Estimación inicial, de acordo co PXC, do importe dos custos relacionados con grandes reparacións do CUAR porque se amortiza a diferente ritmo que o CUAR. (1)												
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo de desmantelamento ou retiro do activo. (1)												
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo de rehabilitación do lugar onde se sitúa. (1)												
Estimación inicial, de acordo co PXC, de provisiones por responsabilidades derivadas dos beneficios de expropiación forzosa, de ocupación temporal de bens e dereitos ou de servidumes de paso, ou outro tipo de responsabilidades. (1)												
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo doutras obrigacións asociadas ao activo que dean lugar ao rexistro dunha provisión. (1)												
<b>Total gastos non financeiros</b>												
Gastos financeiros activados (financiamento específico)												
Gastos financeiros activados (financiamento xenérico)												
<b>Total gastos financeiros activados</b>												
<b>Total anual</b>												

(1) Valor que non forma parte do valor auditado que computa para efectos de cálculo do valor de investimento reconecido



## CADRO A.1.3 Ingresos con desagregación por ano de desenvolvemento

CUAR:						
Descritivo de CUAR						
Data de posta en servizo:						
En euros	Ano 1	Ano n	Ano n+1	Ano n+2	Total	Importes pendentos de recibir
Dereitos de cobramento/importes percibidos por subvencións.						
Unión Europea.						
Estatais.						
CC.AA.						
Outras.						
Valor razoable das instalacións cedidas ou financiadas por terceiros ou calquera outra cesión de dereito de uso sobre bens a título gratuito asociada á instalación.						
Importes percibidos por venda de materiais e equipamentos.						
Importes percibidos por seguros asociados á instalación.						
Importes percibidos por outras medidas de efecto equivalente.						

## CADRO A.1.4 Ingresos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas

CUAR:					
Descritivo de CUAR					
Data de posta en servizo:					
En euros	Operacións con partes vinculadas		Operacións con partes non vinculadas		Total
	Importes percibidos	Importes pendentos de recibir	Importes percibidos	Importes pendentos de recibir	
Dereitos de cobramento/importes percibidos por subvencións.					
Unión Europea.					
Estatais.					
CC.AA.					
Outras.					
Valor razoable das instalacións cedidas ou financiadas por terceiros ou calquera outra cesión de dereito de uso sobre bens a título gratuito asociada á instalación.					
Importes percibidos por venda de materiais e equipamentos.					
Importes percibidos por seguros asociados á instalación.					
Importes percibidos por outras medidas de efecto equivalente.					

2. Como parte do traballo de auditoría, deberase verificar a formalización por parte do titular da instalación da seguinte táboa sobre provedores.

A empresa identificará o 100% dos provedores que son parte vinculada e realizen operacións asociadas ao desenvolvemento da instalación e do resto, aos seus provedores principais, ata completar un mínimo do 75% do resto dos custos no desenvolvemento da instalación

Ademais dos datos identificativos do provedor (nome e CIF), deberase facilitar unha descrición do tipo de subministración ou servizo, o importe contabilizado como investimento e o importe pendente de contabilizar no desenvolvemento da instalación.

CADRO A.2 Provedores

Código provedor	Parte vinculada	Provedor estranxeiro	Razón social	CIF-NIF	Tipo de subministración	Importe investimento		Importe total provedor	Valor da marxe aplicada partes vinculadas en importe		% sobre importe total
						Facturado	Provisionado		Facturado	Provisionado	

Descrición campos:

Nome do campo	Descrición
Código provedor.	Código asignado pola empresa para a identificación do provedor na información que facilita pola Circular 1/2015 (Sicore). No caso de que un mesmo provedor proporcione distintos servizos e/ou subministracións, non deberán declararse códigos diferentes de provedor nin repetirse o provedor para os distintos servizos (é dicir, só será necesario facer referencia unha vez ao código de provedor).
Parte vinculada.	Indicar se o provedor é unha parte vinculada: SI/NON.
Provedor estranxeiro.	Indicar se o provedor é estranxeiro: SI/NON.
Razón social.	Razón social ou denominación do provedor.
CIF-NIF.	CIF ou NIF do provedor, segundo aplique.
Tipo de subministración.	Explicación dos tipos de subministración que realiza o provedor. No caso de que un mesmo provedor proporcione distintos servizos e/ou subministracións, deberase indicar ben a listaxe dos servizos ben a subministración principal, sinalando que existen outros (p.e. tubos e outros).
Importe investimento facturado.	Importe total, en €, contabilizado como investimento que fose facturado polo provedor durante o desenvolvemento da instalación.
Importe investimento provisionado.	Importe total, en €, contabilizado como investimento que se provisionase por facturas pendentes de recibir.
Importe total provedor.	Importe total, en €, contabilizado como investimento asociado ao provedor no desenvolvemento da instalación.
Valor da marxe aplicada partes vinculadas facturado.	Importe total, en €, correspondente á marxe aplicada polo provedor que é parte vinculada no importe contabilizado como investimento que fose facturado durante o desenvolvemento da instalación.
Valor da marxe aplicada partes vinculadas provisionado.	Importe total, en €, correspondente á marxe pendente de aplicar o provedor que é parte vinculada no desenvolvemento da instalación de que se provisionase.
% sobre importe total.	Porcentaxe que representa o importe total asociado ao provedor sobre o importe total do desenvolvemento da instalación. O importe total que se debe considerar para determinar o % será o total da columna de total «Custos externos activados» do «Cadro A.1.1-Custos coa desagregación por ano de desenvolvemento» excluindo todas as partidas identificadas con (1), así como os gastos financeiros activados do devandito cadro.

3. Como parte do traballo de auditoría, o auditor cubrirá a seguinte táboa sobre a verificación que realizou sobre custos e ingresos asociados ao desenvolvemento da instalación:

CADRO A.3 Información sobre magnitudes verificadas

CUAR:					
Descritivo de CUAR					
Data de posta en servizo:					
	Importe total declarado	% importe auditado	% importe con excepcións	Importe sen excepcións	Importe con excepcións
Xestión de proxecto, enxeñaría, supervisión e inspeccións.					
Permisos, licenzas, taxas e seguros.					
Terreos.					
Edificios (inclúe a súa construción e materiais).					
Construción, obra civil, montaxe e posta en servizo (inclúe man de obra).					
Materiais e equipamentos.					
Listaxe específica por tipo de instalación (ver detalle no anexo II táboas da Circular 1/2015 da CNMC.					
Outros custos necesarios (ambientais, etc.).					
Valor de pezas adquiridas, de acordo co PXC, con obxecto de manter un nivel de repostos de seguridade do CUAR.					
Estimación inicial, de acordo co PXC, do importe dos desembolsos necesarios para realizar a inspección xeral do CUAR, porque se amortiza a diferente ritmo que o CUAR.					
Estimación inicial, de acordo co PXC, do importe dos custos relacionados con grandes reparacións do CUAR, porque se amortiza a diferente ritmo que o CUAR.					
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo de desmantelamento ou retiro do activo.					
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo de rehabilitación do lugar onde se sitúa.					
Estimación inicial, de acordo co PXC, de provisións por responsabilidades derivadas dos beneficios de expropiación forzosa, de ocupación temporal de bens e dereitos ou de servidumes de paso, ou outro tipo de responsabilidades.					
Estimación inicial, de acordo co PXC, do custo doutras obrigacións asociadas ao activo que dean lugar ao rexistro dunha provisión.					
Gastos financeiros activados (financiamento específico).					
Gastos financeiros activados (financiamento xenérico).					
Total custos.					
Dereitos de cobramento/importe total percibido por subvencións.					
Unión Europea.					
Estatais.					

CUAR:					
Descritivo de CUAR					
Data de posta en servizo:					
	Importe total declarado	% importe auditado	% importe con excepcións	Importe sen excepcións	Importe con excepcións
CC.AA.					
Outras.					
Valor razoable das instalacións cedidas ou financiadas por terceiros ou calquera outra cesión de dereito de uso sobre bens a título gratuito asociada á instalación.					
Importes percibidos por venda de materiais e equipamentos.					
Importes percibidos por seguros asociados á instalación.					
Importes percibidos por outras medidas de efecto equivalente.					
Total.					

## ANEXO B

**Resumo de resultados das probas de verificación**

1. Como parte do traballo de auditoría, o auditor deberá cubrir as seguintes táboas sobre as probas realizadas e os resultados obtidos:

1.a Táboa resumo das probas sobre o procedemento de elaboración da información requirida.

Para as probas sobre o procedemento de elaboración da información:

Código proba	Resultado	Descrición	Xustificación non execución	Identificador da excepción

Descrición dos campos:

Campo	Descrición
Código proba.	Código identificativo único da proba.
Resultado.	Conclusión en termos de satisfactorio/non satisfactorio/limitación ao alcance para as probas
Descrición.	Resultado das indagacións realizadas nas probas
Xustificación non execución.	Xustificación para a non aplicación dunha proba.
Identificador da excepción.	Cando o resultado da proba supoña unha excepción incluída no informe, deberase indicar o código único que identifique a excepción

1.b Táboa resumo das probas sobre a asignación de custos e a información económico-financeira.

Deberase describir o tipo de revisión aplicado na proba, as características da mostraxe (cando proceda), o resultado obtido en termos de satisfactorio/non satisfactorio/limitación ao alcance e, cando aplique, os motivos de non ter aplicado a proba.

Se a mostraxe aplicada non cumpre a definición de mostraxe estatística recollida na NIA-ES 530 (na cal resulte aplicable, e tendo en conta que este traballo non é unha auditoría de contas) non terá a dita consideración, e a información sobre o tipo de mostraxe aplicada deberase cubrir nas columnas de mostraxe de elementos específicos.

Cando determinados elementos non representativos da poboación deban ser excluídos e analizados de forma específica, os resultados do exame realizado para estes documentaranse nas columnas de mostraxe de elementos específicos.

Cando se aplicou nunha proba unha combinación de varios tipos de revisión, deberanse achegar os datos solicitados para cada método e deberase proporcionar un único resultado para a proba.

Código proba	Descrición	Tamaño da poboación	Unidade de mostraxe	Exame 100 %: n.º ou valor das incorreccións	Mostraxe estatística: nivel de confianza	Mostraxe de elementos específicos: incorreccións	Resultado	Xustificación non execución

Descrición de campos:

Campo	Descrición
Código proba.	Código identificativo único da proba, establecido polo auditor para as auditorías de investimento dun titular determinado.
Descrición.	Descrición xeral do tipo de revisión aplicado para o exame da poboación.
Tamaño da poboación.	Deberase indicar o nº de elementos ou o importe en unidades monetarias da poboación examinada.
Unidade de mostraxe.	Definición dos elementos da poboación examinados.
Exame 100%: incorreccións.	Neste campo deberase indicar o nº ou o importe das incorreccións obtidas.
Mostraxe estatística: nivel de confianza.	Risco de que a conclusión do auditor baseada nunha mostra poida diferir da que obtería aplicando o mesmo procedemento de auditoría a toda a poboación.
Resultado.	O auditor deberá concluír sobre o resultado da proba os seguintes termos: satisfactorio/ non satisfactorio / limitación do alcance.
Xustificación non execución.	Xustificación de non aplicar unha proba desenvolvida en auditorías anteriores.

## ANEXO C

**Resumo das especificacións recollidas no informe**

1. Como parte do traballo de auditoría, deberase cubrir a seguinte táboa sobre as especificacións recollidas no informe:

Identificador da excepción	Tipo de excepción	Parágrafo do informe	Cuantificación da excepción	Posibilidade de emenda	Código proba
Código excepción 1.					
Código excepción 2.					
....					

Descrición de campos:

Campo	Descrición
Identificador da excepción.	Código único que identifique a excepción que fose posta de manifesto polo auditor no informe de auditoría.
Tipo de excepción.	O auditor deberá indicar se se trata dunha excepción por limitación ao alcance ou por incumprimento// incorrección material.
Parágrafo do informe.	Parágrafo do informe de auditoría en que se expón a excepción.
Cuantificación da excepción.	Valor monetario da excepción cando fose posible a súa cuantificación. En caso contrario, NA.
Código proba.	Código identificativo único da proba de verificación a través do cal o auditor detectase a excepción recollida no seu informe de revisión independente.
Posibilidade de emenda.	Posibilidade de que as excepcións sexan emendables pola empresa titular.

## ANEXO D

**Resumo de técnicas de comprobación empregadas e fontes de obtención de evidencia utilizadas**

1. Como parte do traballo de auditoría, deberase cubrir a seguinte táboa sobre as técnicas de comprobación empregadas polo auditor e as fontes de obtención de evidencia utilizadas na auditoría:

Código proba	Técnica de comprobación	Fonte de procedencia	Forma de concreción	Sistemas consultados	Auditorías

Descrición de campos:

Campo	Descrición
Proba.	Código identificativo único da proba, establecido polo auditor para as auditorías de investimento dun titular determinado.
Técnica de comprobación.	Técnicas de comprobación utilizadas polo auditor utilizando a terminoloxía utilizada pola NIA-ES 500 no que resulte aplicable, así como descrición doutras técnicas que utilizase.
Fonte de procedencia.	Evidencia de auditoría interna ou externa, é dicir, xerada internamente pola sociedade ou externa á entidade.



Campo	Descrición
Forma de concreción.	Verbal/escrita/escrita (identificada e asinada pola fonte de que procede).
Sistemas consultados.	Identificación dos sistemas técnicos, contables e de planificación consultados na realización de cada proba.
Auditorías.	Se o procedemento se apoiou no traballo realizado por outra auditoría (se aplica).

## ANEXO E

## Resumo do procedemento de adxudicación da encarga

1. Como parte do traballo de auditoría, deberase cubrir a seguinte táboa sobre o procedemento de adxudicación:

Empresa contratante:		
Forma de contratación.	Nome do auditor asinante do informe e/ou da sociedade de auditoría.	
	NIF auditor de contas ou CIF sociedade de auditoría.	
	Indique data <i>aaaa-mm-dd</i> (data da sinatura da aceptación da encarga).	
Data de inicio.	Indique data <i>aaaa-mm-dd</i> de inicio dos traballos.	
Data de fin.	Indique data <i>aaaa-mm-dd</i> de fin dos traballos (data de emisión do informe de revisión independente).	
Procedemento.	Descrición proceso de contratación/adxudicación da encarga de revisión ao auditor	
Honorarios.	Honorarios devindicados pola realización da encarga	
Recursos empregados.	Nº de horas de auditor asinante do informe	
	Nº de horas de xerente.	
	Nº de horas de colaborador <i>sénior</i> (persoal con máis de 5 anos de experiencia en auditoría de contas excluídas as horas de xerente e socio).	
	Nº de horas de colaborador <i>júnior</i> (persoal con menos de 5 anos de experiencia en auditoría de contas excluídas as horas de xerente e socio).	
	Nome e apelidos do auditor asinante do informe.	
	DNI do auditor asinante do informe de revisión independente.	
Experto auditor.	Nome do experto do auditor.	
	CIF do experto (sociedade) ou NIF do experto (persoa física).	
	Traballo realizado polo experto	

## ANEXO F

**Probas específicas do informe de revisión independente, ou de auditoría, sobre o valor do investimento**

Neste anexo descríbense as probas específicas sobre a información de asignación de custo e a súa rastrexabilidade coa información financeira que o auditor debe realizar conforme o establecido no punto 3 do anexo II desta circular. A través destas probas preténdese soste, entre outras, as seguintes afirmacións:

Afirmación (AF)	Descrición
Presentación e desagregación (P&D).	Examinar que os datos achegados nos cadros do anexo A cumpran as regras de localización, desagregación e presentación dos custos e ingresos.
Exactitude e valoración (V&E).	Comprobar que as cantidades e os datos relativos ás transaccións e feitos se declararon adecuadamente polo importe correcto.
Rastrexabilidade (T).	Comprobar que os custos e ingresos declarados nos cadros do anexo A sexan rastrexables coa contabilidade financeira da sociedade auditada dos diferentes exercicios implicados e cos seus sistemas internos.
Razoabilidade (R).	Comprobar que os custos localizados sexan razoables conforme as regras establecidas no punto 4.7.1 do anexo IV de a Circular 1/2015 da CNMC.
Asignabilidade (A).	Comprobar que os custos localizados sexan asignables conforme as regras establecidas no punto 4.7.1 do anexo IV da Circular 1/2015 da CNMC.
Concordancia (C).	Comprobar que os custos localizados sexan concordantes conforme as regras establecidas no punto 4.7.1 do anexo IV da Circular 1/2015 da CNMC.

Na seguinte táboa identifícase para cada proba, cun código único, a poboación obxecto de revisión, o tipo de revisión que se debe aplicar, unidade de mostraxe, comprobacións que se deben realizar, afirmacións que se pretenden soste e, por último, as técnicas de comprobación que, como mínimo, debería aplicar o auditor para obter evidencia entendidas nos termos da NIA-ES 500 no que resulte aplicable, sen que este traballo supoña en ningún caso unha auditoría de contas.

En relación co tipo de revisión, poderase aplicar un método de revisión diferente ao indicado nas táboas cando, a xuízo profesional do auditor, este método non sexa adecuado para a verificación da poboación examinada, polas súas características, polo seu tamaño ou porque sexa máis eficiente aplicar unha combinación de dous tipos de revisión (p.e., mostraxe de elementos específicos para os ítems da poboación de maior valor e mostraxe estatística para os restantes ítems).

O informe deberá xustificar no anexo B un tipo de revisión diferente ao indicado nas táboas.

No anexo B, o informe do auditor deberá indicar, para cada unha das probas aplicadas, o método de revisión, as características da mostraxe aplicada, se é o caso, os resultados obtidos e, cando cumpra, a xustificación de aplicar un criterio diferente ao establecido neste punto.

Cando se realicen probas selectivas, a base estatística de cada un dos importes dos investimentos revisados debe ter, polo menos, un nivel de confianza do 95%, co obxecto de garantir que non contén un erro superior ao 5% do importe declarado en cada caso.

Considerarase que se produce un erro nun elemento seleccionado cando se produza unha incorrección material, incumprimento ou unha limitación ao alcance en calquera das comprobacións establecidas para cada unha das probas.

Código da proba	Descrición da proba		AF	Técnica de comprobación
A-A1.1 A-A1.2	Poboación	Unidades monetarias do conxunto de partidas declaradas nos cadros «A.1.1-Custos con desagregación por ano de desenvolvemento» e «A.1.2-Custos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas» do anexo A.		
	Tipo de revisión	Mostraxe estatística (neste caso, recoméndase mostraxe por unidade monetaria MUM) ou por combinación de mostraxe de elementos específicos (significativos e/ou excepcionais) e mostraxe estatística.		
	Unidade de mostraxe	Unidades monetarias declaradas en cada fila en caso MUM ou total do cadro para outros tipos de mostraxe.		
	Comprobacións.	<p>Para os custos localizados nas filas seleccionadas deberanse comprobar os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Que se corresponda co activo regulado CUAR desenvolvido. Indagación e inspección rexistros e documentación soporte.</li> <li>2. Que se corresponda coa natureza do concepto de custo recollido nos cadros. Para o caso particular de filas correspondentes a partidas recollidas na Circular 1/2015 da CNMC comprobarase que sexan conforme os conceptos de custos previstos no anexo II de táboas para o tipo de activo declarado e as definicións correspondentes ao punto 3, anexo IV, da dita circular. Indagación e inspección documentación soporte. En concreto, para o concepto de custo «Materiais e equipamentos», inspección da documentación soporte tanto da compra como da súa recepción (factura e/ou contrato e albará de entrada) e comprobar que se corresponden efectivamente co tipo de material e equipamento declarado. Así mesmo, para as partidas correspondentes aos conceptos de custo recollidos no anexo II táboas da Circular 1/2015, comprobarase que non se inclúan estimacións de custos futuros (por desmantelamento ou retiro, rehabilitación do lugar, por responsabilidades, etc), custos posteriores á posta en condicións de funcionamento dos activos regulados, importe de pezas de recambio, estimacións de custos por reparacións xerais ou inspeccións periódicas, e que estes últimos custos se declararon correctamente nas partidas identificadas con (1) nos cadros A.1.1 e A.1.2 do anexo A.</li> <li>3. Cando se trate de custos directos, que se correspondan co CUAR para o cal se declaran (conforme a definición do punto 3, anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC).</li> <li>4. En que proceda, que os devanditos conceptos de custo se localizaron conforme as regras de localización do punto 4.7.4., anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC.</li> <li>5. Que se encontren rexistrados nas contas contables. Inspección rexistros contables.</li> <li>6. Que o importe dos custos directos coincida coa información que figura nos rexistros contables e estea debidamente xustificado por documentación soporte (ex., facturas de compra, documentos notariais, facturas de traballos subcontratados a terceiros, por servizos recibidos, xustificantes de pagamento dos anticipos á conta realizados no exercicio, etc.).</li> <li>7. Que as políticas, criterios, procedementos e bases de cálculo aplicadas para o cálculo e repartición dos custos indirectos (TREI) sexan adecuadas.</li> <li>8. En concreto, para o concepto de custo «Gastos financeiros activados» (GFA), indagar o cálculo dos xuros financeiros activados ata a posta en condicións de funcionamento dos activos. Cando correspondan cun custo de desmantelamento de activos regulados, inspeccionar rexistros contables e xustificantes de pagamento dos importes satisfeitos polo devandito concepto de desmantelamento.</li> <li>9. Cando correspondan ao tipo de custo CC-48 conforme as definicións do punto 3, anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC, por compras de gas talón, colchón ou mínimo de enchedura. Inspección documentación soporte da compra.</li> <li>10. Que, cando correspondan ao tipo de custo CC-48 conforme as definicións do punto 3, anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC por compras de activo regulado en curso ou ao tipo de custo CC-47, non se localizaron no CUAR (conforme regras de localización punto 4.7.4, anexo IV, e punto 6.1., anexo IV).</li> <li>11. Que, cando teñan orixe nunha operación con parte vinculada, estivese identificado de maneira separada nas columnas específicas do «Cadro A.1.2-Custos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas» e que o concepto de custo declarado sexa coherente co tipo de operación realizada.</li> <li>12. Que, cando correspondan a unha instalación cedida e financiada total ou parcialmente por terceiros ou calquera outra cesión de dereito de uso sobre bens a título grauíto asociada á instalación, estivesen identificados no «Cadro A.1.3-Ingresos con desagregación por ano de desenvolvemento» e no «Cadro A.1.4-Ingresos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas» correspondente á dita instalación.</li> </ol>		
A-A1.1 A-A1.2	Comprobacións.	<ol style="list-style-type: none"> <li>13. Cando se correspondan con estimacións de custos futuros, deberase revisar o soporte documental que sirva de base ao rexistro contable da provisión.</li> <li>14. Cando se correspondan con estimacións de custos da inspeccións xerais ou as grandes reparacións periódicas do CUAR, deberase revisar que as políticas, criterios, procedementos, bases de cálculo e o soporte documental utilizados sexan adecuados.</li> </ol>	P&D V&E T R A C	Indagación. Inspección rexistros contables e documentación soporte.

Código da proba	Descrición da proba		AF	Técnica de comprobación
	Poboación	Unidades monetarias do conxunto de filas declaradas nos cadros AA.1.3-Ingresos «con desagregación por ano de desenvolvemento» e «A.1.4- ingresos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas do anexo A.		
	Tipo de revisión	Exame 100%		
	Unidade de mostraxe	Unidades monetarias declaradas en cada fila.		
A-A1.3 A-A1.4	Comprobacións.	<p>Para os importes localizados en cada unha das filas deberanse comprobar os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Que se correspondan co activo regulado CUAR desenvolvido. Indagación e inspección de rexistros e documentación soporte.</li> <li>2. Que, cando se correspondan cos tipos de ingresos conforme as definicións do punto 3, anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC, se comprobará: <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Que non teñan a consideración de ingresos non localizables, conforme o punto 4.7.4 do anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC.</li> <li>b) Que se correspondan coa natureza do tipo de ingreso declarado.</li> <li>c) Que se localizaron no CUAR que lles corresponda atendendo aos criterios do punto 4.7.2, anexo IV, e ás regras de localización do punto 4.7.4, anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC.</li> </ol> </li> <li>3. Que, cando non se correspondan cos tipos de ingresos conforme as definicións do punto 3, anexo IV, da Circular 1/2015 da CNMC, se comprobará que se declararon nos bloques F9-SE1, F9-SE2, F9-SE3 e F9-SE4 das declaracións presentadas pola empresa titular da instalación en cumprimento da Circular 1/2015 durante os exercicios de construción da instalación ata a data de emisión do informe de revisión independente.</li> <li>4. Que se atopen rexistrados contablemente. Inspección rexistros contables.</li> <li>5. Que o seu valor monetario coincida coa información que figura nos rexistros contables e na documentación soporte correspondente (extractos bancarios, documento de concesión da subvención de capital, contrato de cesión, etc.).</li> <li>6. Que, cando teñan orixe nunha operación con parte vinculada, estivese identificado de maneira separada nas columnas específicas do «Cadro A.1.4-Ingresos con desagregación por operacións realizadas con partes vinculadas e non vinculadas» e que o tipo de ingreso declarado sexa coherente co tipo de operación realizada.</li> <li>7. Que, cando se trate dunha subvención, se comprobará que se identificase de maneira individualizada nun documento separado, indicando quen concede a subvención, o importe subvencionado, así como as condicións principais e prazos para a súa percepción. Ademais, revisárase a documentación soporte xustificativa achegada pola empresa xunto co devandito documento separado.</li> <li>8. Que, cando haxa importes pendentes de recibir de subvencións de capital, se verificará a información declarada a través da información que figura nos seus rexistros contables e en documentación soporte.</li> <li>9. Que, cando se trate de instalacións cedidas e/ou financiadas total ou parcialmente por terceiros declaradas, se verificará a información declarada a través da información que figura nos seus rexistros contables e en documentación soporte.</li> </ol>	P&D V&E T	Indagación. Inspección rexistros contables e documentación soporte.

Código da proba	Descrición da proba		AF	Técnica de comprobación
A-A2	Poboación	Unidades monetarias do conxunto de filas declaradas no cadro A-2 provedores do anexo A		
	Tipo de revisión	Exame 100 %		
	Unidade de mostraxe	Unidades monetarias declaradas en cada fila		
	Comprobacións	<p>1. Que o 100% do total dos custos externos activados procedentes de operacións con partes vinculadas, asociadas ao desenvolvemento da instalación, se desagregou por partes vinculadas identificadas co seu propio código de provedor (coincidente co asignado pola empresa nas declaracións presentadas en cumprimento da Circular 1/2015, Sicore).</p> <p>2. Que o 75 % do total dos custos externos activados procedentes de operacións con terceiros que non sexan partes vinculadas, asociadas ao desenvolvemento da instalación, se desagregou por provedor identificado co seu propio código (coincidente co asignado pola empresa nas declaracións presentadas en cumprimento da Circular 1/2015, Sicore). Comprobarase que os custos externos activados con partes vinculadas e non vinculadas se obteñen da columna de total «Custos externos activados» do «Cadro A.1-Custos con desagregación por ano de desenvolvemento», excluindo do total o importe das partidas identificadas con (1) e os gastos financeiros activados (GFA).</p> <p>3. Para os importes localizados en cada unha das filas (código provedor), realizaranse as seguintes comprobacións:</p> <p>a) Comprobarase que os importes declarados para cada provedor/parte vinculada coincidan cos rexistros contables.</p> <p>b) Mediante o exame das facturas e contratos que dan soporte aos importes declarados para cada provedor/parte vinculada, comprobarase que os importes coinciden e que o concepto da factura/contrato se corresponde co desenvolvemento da instalación.</p> <p>c) Mediante o exame dos contratos entre partes vinculadas ou outra documentación soporte, comprobarase que os importes declarados como marxes intragrupo se corresponden co estipulado no contrato ou noutra documentación soporte.</p> <p>d) Comprobaranse as provisións polo importe das facturas pendentes de recibir incluídas no cadro A-2 Provedores, así como o importe da marxe intragrupo incluído na provisión.</p>	P&D V&E T	Indagación. Inspección rexistros contables e documentación soporte